REXISTRO XERAL ENTRADA
6 OUT. 2022
Núm. 42313

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de setembro de 2022.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
2 11:50:33

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

PROXECTO de Lei reguladora dos xogos de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

## Exposición de motivos

### I

Conforme o artigo 27.27 do Estatuto de autonomía de Galicia a Comunidade Autónoma galega ostenta competencia exclusiva en materia de casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas. En virtude do Real decreto 228/1985, do 6 de febreiro, traspasáronse as funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de casinos, xogos e apostas.

No exercicio da competencia autonómica citada ditouse a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Partindo do feito de considerar o xogo como unha realidade social lícita por supoñer unha manifestación máis do principio de liberdade individual recollido na Constitución española de 1978, ao longo destes anos mostrouse como un sector máis da actividade económica, cun marcado carácter dinámico e activo, influído en gran medida pola innovación tecnolóxica, en especial nos últimos anos, e cunha elevada transcendencia para a Comunidade Autónoma galega tanto desde o punto de vista económico e tributario como social.

Precisamente e coa finalidade de dar resposta a moitos dos cambios substanciais na concepción tradicional do xogo tiveron lugar as correspondentes modificacións legais e se aprobaron tamén os regulamentos de desenvolvemento dos distintos tipos de xogos. Malia o anterior, e tendo en conta a antigüidade da Lei 14/1985, do 23 de outubro, non se considera suficiente efectuar novas modificacións, senón que resulta necesario elaborar un novo marco xurídico mediante a aprobación dunha nova lei que, con visión de conxunto e criterio de unidade, recolla no seu articulado as directrices básicas ás que debe axustarse a planificación e ordenación do xogo, para que, tendo en conta as características e peculiaridades propias, permita a formación dunha política axeitada ás circunstancias sociais, económicas e administrativas da nosa Comunidade e, en definitiva, se adapte ás novas realidades sociais existentes no sector dos xogos de azar.

XUNTA DE GALICIA
SEGUNDA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

II

De conformidade co artigo 5.1 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, as autoridades competentes que no exercicio das súas respectivas competencias establezan límites ao acceso a unha actividade económica ou ao seu exercicio de conformidade co previsto no artigo 17 da dita lei ou exixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, motivarán a súa necesidade na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Así mesmo, de acordo co artigo 5.2 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, calquera límite ou requisito establecido conforme ao número 1 do mesmo artigo, deberá ser proporcionado á razón imperiosa de interese xeral invocada, e deberá ser tal que non exista outro medio menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica.

Entre os conceptos definidos como razóns de interese xeral no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, están comprendidos a orde pública a saúde pública, a protección dos dereitos, a seguridade e a saúde das persoas consumidoras e das destinatarias de servizos así como a loita contra a fraude. Algúns destes conceptos están tamén recollidos no artigo 17 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, entre os que poden xustificar a exixencia dunha autorización administrativa.

A actividade de xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha regulación por parte da Administración que estableza mecanismos que ofrezan seguridade ás persoas usuarias dos xogos, garantan a protección das persoas menores de idade, e daquelas persoas que o precisen por motivos de saúde e que permitan velar pola orde pública e o desenvolvemento regular dos xogos evitando a fraude.

Nesta liña, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten admitido que as consecuencias prexudiciais que para as persoas consumidoras e para a sociedade no seu conxunto comporta a actividade do xogo xustifica a imposición de límites e de exixencias co fin de controlar os riscos e de acadar os obxectivos fundamentais de prevención da incitación ao gasto excesivo en xogo e de loita contra a adicción ao xogo e contra a fraude.

A especial protección da saúde e seguridade das persoas usuarias dos xogos, a garantía da orde pública e impedir a fraude na actividade do xogo, son así razóns imperiosas de interese xeral que xustifican o establecemento das

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

limitacións e requisitos en materia de xogo previstos nesta lei, os cales gardan a necesaria proporcionalidade ao ser necesarios para a salvagarda de tales razóns de interese xeral. Entre estas limitacións se atopan o réxime de autorización administrativa previa para o acceso e o exercicio de actividades económicas que se prevé nesta lei, para os casos nos que o control a posteriori non garante a necesaria protección, así como a planificación e fixación dun límite ao número de establecementos de xogo e de terminais de xogo que se poden instalar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, as indicadas razóns de interese xeral xustifican tamén os efectos desestimatorios que, con carácter xeral, ten o silencio administrativo nos procedementos iniciados a solicitude de persoa interesada que se regulan nesta lei.

En particular, respecto da planificación de establecementos de xogo, cómpre salientar que nos últimos anos tense detectado un incremento considerable nas solicitudes de autorización de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas, que pasaron de 54 salóns de xogo en 2013 a 118 salóns en 2020 e de 20 tendas de apostas existentes en 2013 a 41 en 2020, o que unido á preocupación social existente e ao aumento dos problemas de adición aos xogos practicados nestes establecementos xustifica a necesidade de proceder a realizar unha planificación que limite o número deste tipo de establecementos de xogo e tamén dos casinos e das salas de bingo a instalar na Comunidade Autónoma, fixando, previa avaliación da oferta de xogo e das razóns de interese xeral implicadas, un número máximo que permita conseguir os obxectivos invocados de protección da saúde e da seguridade das persoas usuarias dos xogos, de garantía da orde pública e de loita contra a fraude na actividade do xogo, a través dunha oferta cuantitativamente moderada. Na actualidade constan en Galicia 40 tendas de apostas, 2 casinos e 1 sala adicional, 11 bingos e 115 salóns de xogo. A fixación dun límite a este tipo de establecementos tomando como base a planificación realizada polo decreto 72/2019, do 4 de xullo, polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia, en consonancia co establecido na Disposición adicional única da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, cumpre o obxectivo de protección da saúde e a seguridade das persoas usuarias e ao mesmo tempo mantén unha oferta real de xogo, establecendo unha duración de 15 anos para as autorizacións existentes e as futuras e un sistema de concurso público para a súa concesión. Este sistema sitúa en réxime de igualdade e non discriminación aos establecementos de xogo existentes na actualidade e aos que, en exercicio da liberdade de establecemento e a liberdade empresarial se pretendan instalar no futuro. En aplicación destes principios recollidos tanto no Tratado de

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Funcionamento da Unión Europea e na Constitución Española, esta norma establece un máximo de 2 casinos e 2 salas adicionais, 12 bingos, 118 salóns de xogo e 41 tendas de apostas, fixando unha duración de 15 anos para todas as autorizacións, tanto as existentes como as futuras, e fixando un sistema de concurso público para poder acceder ás novas autorizacións de instalación.

A duración de 15 anos para as autorizacións de establecementos de xogo motívase na necesidade de amortizar os investimentos necesarios para poñer en funcionamento este tipo de locais, tendo en conta o elevado custo das máquinas recreativas e as continuas adaptacións que deben ter lugar por mor do tipo de mercado cambiante e continuamente necesitado de actualización.

Outra das restricións aos axentes de xogo ven recollida no artigo 45 no que se prohibe conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito, ás persoas usuarias dos xogos, nin conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que poidan trocar por diñeiro ás persoas usuarias dos xogos. Esta prohibición vén xustificada pola necesidade de limitar o uso non responsable do xogo que pode verse favorecido por unha excesiva facilidade na obtención de crédito dentro do propio establecemento de xogo. Está demostrado que a falta de crédito para xogar e, polo tanto, a interrupción do xogo, permite unha maior concienciación e responsabilidade no xogador e impide comportamentos obsesivos que poderían derivar en danos para a saúde.

Tamén recolle o texto legal, a posibilidade de que os concellos poidan establecer, de forma proporcionada e xustificada, outros límites, requisitos ou características adicionais, para a apertura de establecementos previstos neste artigo, baseándose nas súas competencias de organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo e para velar pola protección do entorno urbano e a calidade de vida e a cohesión social da poboación a través do planeamento urbanístico e das súas ordenanzas. Esta posibilidade xa está recollida no artigo 7 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para todo tipo de establecementos aos que resulta de aplicación a dita lei e entre os que se atopan os establecementos de xogo. Polo tanto, entra dentro das competencias municipais a fixación de prohibicións, limitacións ou restricións destinadas a evitar a excesiva concentración de establecementos de xogo e garantir a súa coexistencia con outras actividades humanas ou sociais. En todo caso, as ditas restricións deben ser motivadas e xustificadas e respectar a liberdade empresarial e a libre competencia.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Enténdese necesario introducir na Lei reguladora dos xogos en Galicia, políticas de prevención dirixidas á planificar e limitar o xogo das máquinas comecartos e das máquinas de apostas que é o que se considera máis aditivo. A iso van dirixidas en primeiro lugar, as medidas de limitación de establecementos de xogo, fixando no texto legal un número máximo de casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas que se poden instalar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os establecementos de restauración e de ocio e entretemento son, polas súas características, locais de fácil acceso para os menores de idade e precisan controis moito máis efectivos que os existentes nos establecementos específicos de xogo. Para evitar confusión, entre ambos tipos de establecementos, e para centralizar a actividade de xogo nuns espazos concretos, é polo que se xustifican as medidas restritivas ao número de máquinas que se poden instalar nos ditos establecementos de restauración e de ocio e entretemento, e se establecen tamén limitacións específicas para impedir o xogo dos menores. A fixación dun número máximo de 2 máquinas de xogo de calquera dos tipos permitidos, nestes establecementos de restauración e de ocio e entretemento, ven motivado por manter esa necesaria diferenciación entre os propios e específicos establecementos de xogo e o resto de establecementos en que, de xeito totalmente accesorio, permítese a instalación dun número limitado de máquinas de xogo.

A situación actual de oferta de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de máquinas recreativas como de máquinas de apostas, considérase excesivo a tenor da demanda existente. Tomando en consideración os datos actuais, a 31 de decembro de 2020, constan autorizadas 3.600 máquinas de apostas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento. Malia o anterior, unicamente están efectivamente instaladas a esa data un total de 2.978 máquinas de apostas. Polo que respecta ás máquinas AE e B, a 31 de decembro de 2020, constan autorizadas un total de 184 e 13.312 respectivamente. Pese a iso, unicamente están efectivamente instaladas, a 31 de decembro de 2020, un total de 14 máquinas tipo AE e 7.921 máquinas tipo B en establecementos de restauración e de ocio e entretemento. Por iso, atendendo a eses datos, a oferta de xogo excede da demanda existente, polo que considérase xustificado e axeitado fixar un límite ao número de autorizacións de máquinas, aos efectos de axustar a oferta de xogo á demanda realmente existente, sen que iso menoscabe, en ningún caso, a libre competencia entre empresas operadoras de máquinas recreativas e empresas comercializadoras e explotadoras de máquinas de apostas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

As características intrínsecas do xogo demandan, así mesmo, actuacións específicas de prevención e protección, con especial atención aos colectivos máis vulnerables. A maioría da poboación poderá xogar sen problemas ao longo da súa vida, non obstante unha porcentaxe dela desenvolverá problemas relacionados co seu patrón de xogo. De entre toda a poboación é preciso sinalar que hai varios colectivos potencialmente vulnerables aos que cómpre protexer especialmente. Trátase das persoas menores de idade, as persoas con problemas de adicción ao xogo ou en situación de risco de desenvolvelos, persoas que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas e as persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas, segundo o establecido na Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

Coa única finalidade de protexer a este tipo de colectivos vulnerables é polo que establécese nesta lei a prohibición de todo tipo de publicidade dos xogos de competencia autonómica na radio e na televisión de Galicia. Trátase dun medio de comunicación público, que non se financia de xeito exclusivo cos ingresos que poidan proceder da publicidade, polo que non pode considerarse, a estes efectos, que se vulnere a libre competencia en relación coa ausencia de prohibición nos medios de comunicación de carácter privado.

As administracións públicas deben articular as medidas necesarias que permitan que a poboación galega xogue sen problema e á súa vez que os colectivos vulnerables reduzan a probabilidade de desenvolver un problema ou recaer nel. En base ao anterior, cómpre habilitar ás administracións das ferramentas lexislativas que permitan promover na poboación patróns de xogo baseados en eleccións informadas que, se manteñan dentro duns límites de tempo e diñeiro invertidos asequibles, en equilibrio coas demais actividades da vida diaria e que non xeren problemas asociados.

En base a todo iso, a norma establece que as distintas consellerías colaborarán e promoverán políticas de prevención desenvolvendo actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptando medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais mais vulnerables.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

III

O texto consta dun título preliminar e seis títulos, 56 artigos, tres disposicións adicionais, oito disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e sete disposicións derradeiras.

O título preliminar (artigos 1-16) inclúe as disposicións xerais relativas ao obxecto, o ámbito de aplicación, os principios reitores das actuacións en materia de xogo, as políticas de xogo responsable, o réxime de publicidade, promoción, patrocinio e comunicación comercial, o Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia, o dereito de admisión, o control de acceso, o réxime de prohibicións, os xogos permitidos e os xogos prohibidos. Especifica tamén os dereitos e obrigas das persoas usuarias dos xogos e os dereitos e obrigas das empresas de xogos así como o réxime de intervención administrativa en materia de xogo, os rexistros en materia de xogo e a homologación do material de xogo.

En relación co ámbito de aplicación, procede salientar a distinción de tres niveis de aplicación da norma. Así, no artigo 2 se diferencia entre o xogo ao que a lei é de aplicación plena (xogo de ámbito autonómico); aquelas actividades excluídas totalmente do ámbito de aplicación da lei, fundamentalmente por non responder á definición de xogo aos efectos da lei ou por non tratarse de xogo de competencia autonómica, como é o caso do xogo reservado conforme á Lei 13/2001, do 27 de maio, de regulación do xogo; e, por último, as actividades de xogo de ámbito estatal non reservadas, respecto das cales se prevé o sometemento a autorización autonómica en termos respectuosos coa normativa estatal.

O título I "Órganos e competencias" (artigos 17-20) regula as competencias do Consello da Xunta de Galicia, da persoa titular da consellería competente en materia de xogo, do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo e o funcionamento e composición da Comisión de Xogo de Galicia.

O título II "Tipos de xogos" (artigos 21-28) especifica e define os xogos propios de casinos, o xogo do bingo, os xogos con máquinas recreativas ou de azar, o xogo da rifa, o xogo da tómbola, o xogo de lotarías e boletos e o xogo de apostas. Así mesmo, inclúe a clasificación de máquinas recreativas ou de azar, as máquinas de apostas e as súas modificacións.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

O título III (artigos 29 -38) regula os locais habilitados para a práctica dos xogos e distingue os establecementos de xogo que son os casinos, as salas de bingo, os salóns de xogo e as tendas de apostas dos espazos de apostas doutros locais habilitados para a práctica do xogo como os establecementos de restauración e de ocio e entretemento. Así mesmo, recolle as modificacións dos ditos establecementos de xogo e dos espazos de apostas. Será nos locais previstos neste título III onde poderán practicarse os xogos de competencia autonómica permitidos así como nos que poderán instalarse terminais de xogo de ámbito estatal non reservados, nos termos previstos para cada un deles no dito título. Neste título regúlase tamén as limitación a instalación de terminais físicos de xogo.

O título IV denominado "empresas de xogo" (artigos 39-41) regula os requisitos xerais das empresas de xogo, o réxime das fianzas así como as modificacións das autorizacións de inscrición.

O título V (artigos 42-55) regula o réxime de inspección e sancionador ao establecer as regras xerais, a tipificación das distintas infraccións, as persoas responsables, a prescrición e a caducidade, as sancións administrativas e a súa gradación, a competencia para o exercicio da potestade sancionadora, o procedemento sancionador e as medidas provisionais.

O título VI (artigo 56) refírese ao réxime fiscal en materia de xogo.

A disposición adicional primeira regula a presentación de solicitudes e comunicacións polos suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración.

A disposición adicional segunda regula a tramitación administrativa electrónica.

A disposición adicional terceira regula o réxime de consentimentos e autorizacións.

A disposición transitoria primeira prevé un prazo de dous anos para que as empresas de xogo adapten as máquinas recreativas, de azar , de apostas e os establecementos ao disposto nesta lei.

A disposición transitoria segunda vai dirixida a manter a vixencia dos regulamentos de xogo existentes á entrada en vigor desta lei en todo o que non resulte contraditorio co disposto nesta.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

A disposición transitoria terceira establece o réxime transitorio aplicable á publicidade e promoción en materia de xogo e a disposición transitoria cuarta o aplicable ás autorizacións concedidas de acordo coa normativa anterior.

A disposición transitoria quinta fixa o réxime transitorio en materia de distancias a aplicar á instalación de establecementos de xogo.

A disposición transitoria sexta especifica o réxime transitorio aplicable á Comisión de Xogo.

A disposición transitoria sétima establece o réxime transitorio aplicable ás autorizacións das máquinas auxiliares de apostas e de máquinas de xogo tipo B non instaladas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento.

A disposición transitoria oitava fixa o réxime transitorio aplicable aos expedientes en tramitación.

Así mesmo, o texto consta dunha única disposición derrogatoria pola que se derrogan as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei e expresamente, a Lei 14/1985, do 23 de outubro así como determinados preceptos de normas regulamentarias de desenvolvemento da dita lei.

A disposición derradeira primeira modifica tres artigos do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, referidos aos requisitos xerais das máquinas recreativas de tipo B e de tipo B especial. As razóns que xustifican a modificación destes artigos a través desta norma atópanse na necesidade de adaptar a homologación das máquinas recreativas de tipo B e de tipo B especial aos principios e criterios recollidos neste texto legal pois, de facerse a modificación a través de vía regulamentaria, se retardaría a efectividade dos ditos criterios e principios en prexuízo do interese xeral que preside o espírito da norma.

A disposición derradeira segunda modifica un artigo do Regulamento de apostas de Galicia en cumprimento do disposto no informe da Comisión Galega da Competencia.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

A disposición derradeira terceira fixa o réxime de modificación das disposicións regulamentarias.

A disposición derradeira cuarta establece a habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

A disposición derradeira quinta modifica a Lei de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer a posibilidade de inscrición gratuíta no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

A disposición derradeira sexta modifica o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado para adaptalo á normativa reguladora dos xogos de Galicia.

A disposición derradeira sétima indica que esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Tendo en conta a materia regulada deuse cumprimento ao trámite de notificación previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello de 9 de setembro de 2015 pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade de información e no Real Decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información. Tamén se solicitaron os informes preceptivos da Comisión de Xogo de Galicia ao recoller o texto medidas de planificación en materia de xogo, da Comisión Galega da Competencia por ter efectos sobre a competencia efectiva nos mercados e do ditame Consello Económico e Social por afectar a materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO PRELIMINAR

**Disposicións xerais**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto a regulación do xogo, nas súas distintas modalidades e denominacións, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de garantir a protección da orde pública, a loita contra a fraude, a prevención de condutas aditivas, a protección dos dereitos das persoas menores de idade e a salvagarda dos dereitos das persoas usuarias dos xogos.

2. Aos efectos desta lei, enténdese por xogo calquera actividade, incluídas as apostas, mediante a que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliables, en función dun resultado futuro e incerto, independentemente da incidencia que no xogo teña o grao de destreza ou habilidade das persoas usuarias, ou que sexa exclusivamente de sorte, envite ou azar, e tanto se se realiza por medios presenciais coma por canles electrónicas, informáticas, telemáticas, interactivas ou de comunicación a distancia. Quedan incluídas nesta definición, as actividades indicadas aínda que se realicen de forma esporádica ou ocasional.

3. Aos efectos desta lei, enténdese por xogo presencial aquel que unicamente pode ser realizado pola persoa usuaria do xogo, a través da súa presenza nos establecementos de xogo e locais habilitados para a práctica dos xogos nos que se autorice a súa organización e celebración, de acordo co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

4. Considérase xogo non presencial a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos, interactivos ou de comunicación a distancia, a organización e explotación de calquera dos xogos incluídos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando se practiquen por estes canles e no ámbito exclusivamente da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, e nos que a persoa usuaria dos xogos poida practicalos sen necesidade de acceder a ningún dos establecementos e locais referidos no número anterior.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Inclúense no ámbito de aplicación desta lei:

a) A totalidade dos xogos incluídos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As persoas físicas e xurídicas que interveñan na xestión, explotación e práctica dos xogos aos que se refire a letra a) , así como as dedicadas á fabricación, comercialización, distribución, instalación e mantemento do material relacionado cos ditos xogos.

c) Os locais e establecementos onde se leven a cabo os xogos aos que se refire a letra a).

d) As persoas que, na súa condición de titulares dos locais e establecementos regulados nesta lei, permitan o desenvolvemento dos xogos aos que se refire a letra a).

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) As competicións de puro pasatempo ou recreo constitutivas dos usos sociais de carácter tradicional, familiar ou amigable, sempre que non sexan obxecto de explotación lucrativa polas persoas participantes ou por terceiras persoas e sen que en ningún caso interveña diñeiro ou premios susceptibles de valoración económica.

b) O xogo do bingo organizado polas residencias da terceira idade, centros de día ou por asociacións culturais ou deportivas legalmente inscritas e sempre que se reúnan todos os seguintes requisitos:

1º Que as sesións realizadas polas residencias terceira idade e centros de día ou polas asociacións culturais ou deportivas legalmente inscritas, non superen en ningún caso o límite de catro sesións nun mes.
2º Que as cantidades xogadas e os premios outorgados non superen os 300 euros por sesión.
3º Que o xogo se desenvolva a través de medios manuais ou mecánicos sen que en ningún caso interveñan aplicacións informáticas ou programas de software.
4º Que durante o desenvolvemento da sesión, en ningún caso, se atopen presentes na sala menores de idade.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA...
CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5º Que teñan lugar na propia residencia da terceira idade ou centro de día ou no local que figure como domicilio da correspondente asociación.

A asociación ou o responsable da residencia da terceira idade ou centro de día correspondente, deberá presentar, cada vez que pretenda organizar un xogo de bingo nos termos expostos, unha comunicación ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo aos efectos de poder controlar o cumprimento dos anteriores requisitos.

c) As rifas e tómbolas de carácter benéfico ou de utilidade pública, organizadas, con carácter esporádico, por institucións públicas ou privadas nas que o importe dos beneficios obtidos se destine exclusivamente a organizacións ou fins de carácter benéfico ou de utilidade pública.

d) As máquinas expendedoras, entendéndose por tales as que se limitan a efectuar transaccións ou vendas, a través de calquera tipo de mecanismo, de produtos ou mercancías a cambio dunha contraprestación económica que se corresponda co valor de mercado dos produtos ou mercancías que se entreguen. Non obstante, se este tipo de máquinas inclúen algún elemento de xogo, que dependa da destreza ou habilidade da persoa usuaria do xogo ou que sexa de sorte, envite ou azar, que condicione a obtención dun premio en especie ou en diñeiro, terán a consideración de máquina recreativa de tipo A especial ou de tipo B en función da contía do premio.

e) As máquinas, aparellos, instrumentos ou dispositivos que utilicen redes informáticas, telemáticas ou calquera outro medio de comunicación ou conexión a distancia para a reprodución de imaxes e música ou coa finalidade de comunicación e información, sen posibilidade de acceso a ningún tipo de xogo nin de concesión de premios en metálico ou en especie.

f) As máquinas de mero pasatempo ou recreo que non ofrecen á persoa usuaria ningún premio en metálico ou en especie, nin directa nin indirectamente, limitándose a conceder á persoa usuaria un tempo de uso a cambio do prezo da partida, podendo ofrecer como único aliciente adicional, por causa da habilidade da persoa usuaria, a posibilidade de seguir usando a máquina polo mesmo importe inicial en forma de prolongación do tempo de uso.

Dentro deste tipo de máquinas inclúense, entre outras, as seguintes:

1º As máquinas e aparellos de uso infantil accionados por moedas que permiten á persoa usuaria un entretemento consistente no goce dunha

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

simulación mecánica dunha acción dinámica como son a imitación do trote dun cabalo, o voo dun avión, a condución dun tren, dun vehículo ou imitacións de semellantes características.

2º As máquinas ou aparellos de natureza estritamente manual ou mecánica de competencia pura ou deporte entre dúas ou máis persoas usuarias, tales como futbolíns, mesas de billar, tenis de mesa, boleiras, máquinas de hockey ou de índole semellante, aínda que o seu uso requira a introdución de moedas.

g) O xogo das combinacións aleatorias entendidas como aqueles sorteos que, con finalidade exclusivamente publicitaria ou de promoción dun produto ou servizo, e tendo como única contraprestación o consumo do produto ou servizo, sen sobreprezo nin tarifa adicional ningunha, ofrecen premios en metálico, especie ou servizos, exixindo, no seu caso, a condición de cliente do establecemento ao que pertencen os produtos ou servizos obxecto da publicidade ou promoción.

h) Os xogos de ámbito estatal reservados conforme ao disposto na disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

3. As actividades de xogo de ámbito estatal non reservadas rexeranse pola normativa estatal de aplicación, sen prexuízo do sometemento a autorización autonómica nos termos previstos nesta lei.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 3. *Principios reitores das actuacións en materia de xogo*

1. As actuacións en materia de xogo rexeranse polos principios de:

a) Protección das persoas menores de idade e das que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas, ou persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas, así como das persoas con problemas de adicción ao xogo ou en risco de padecelo, impedindo o seu acceso á práctica e aos establecementos de xogo en calquera das súas modalidades.

b) Transparencia, de salvagarda da orde e de seguridade no desenvolvemento dos xogos nas súas distintas modalidades.

c) Garantía do pago dos premios, de prevención de fraudes no desenvolvemento dos xogos e de colaboración no cumprimento da lexislación de prevención de branqueo de capitais.

d) A prevención de prexuízos a terceiras persoas.

e) Intervención e control por parte da Administración pública.

f) Respecto ás regras básicas dunha política de xogo responsable.

g) Seguridade xurídica na regulación das actividades de xogo.

h) Fomento do emprego estable e de calidade no sector do xogo.

2. En todo caso, a Administración autonómica terá en conta a realidade e incidencia social, a súa repercusión económica e fiscal e a diversificación empresarial do xogo nas súas distintas modalidades, favorecendo a concorrencia en condicións de igualdade das persoas físicas e xurídicas dedicadas á explotación de xogos, non fomentando o hábito do xogo e reducindo os seus efectos negativos.

3. A Administración autonómica deberá velar pola aplicación dos principios reitores previstos neste precepto que teñen como finalidade evitar o fomento irresponsable do hábito do xogo e reducir os seus efectos negativos, controlando o cumprimento destes principios por parte das persoas usuarias dos xogos e empresas de xogo, así como promovendo actuacións e iniciativas orientadas á prevención do consumo de xogos en menores de idade e á

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

implantación de actuacións preventivas e de asistencia ás persoas con problemas de xogo.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 4. *Políticas de xogo responsable*

1. As políticas de xogo responsable supoñen que o exercicio das actividades de xogo, se abordarán desde unha política integral de responsabilidade social corporativa, que prevea o xogo como un fenómeno complexo onde se combinan accións preventivas, de sensibilización, de intervención e control, así como de reparación dos efectos negativos que se puidesen producir.

As accións preventivas dirixiranse á sensibilización, información e difusión das boas prácticas do xogo, así como aos posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo pode producir.

2. Crearase o Observatorio Galego do Xogo como órgano colexiado encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas de xogo responsable. A súa natureza, fins, composición e adscrición estableceranse regulamentariamente debendo respectarse, en todo caso na súa composición, o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. Os seus estudos e traballos estatísticos deberán efectuarse sempre desagregando os datos por sexos.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá políticas de xogo responsable dirixidas á sensibilización e concienciación sobre as consecuencias dunha práctica inadecuada do xogo, especialmente relacionadas cos riscos de ludopatía, apoiando actitudes de xogo non compulsivo e responsable, prestando especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables como menores de idade, persoas con adicción ao xogo e persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.
Nesta liña, a administración autonómica desenvolverá actividades de prevención da ludopatía, dirixidas á poboación en xeral e adoptará medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais máis vulnerables.

Para os efectos desta lei, entenderase por xogo responsable, a elección informada dun patrón de xogo sobre o que a persoa exerce control, mantense dentro duns límites de tempo e diñeiro sostible, atópase en equilibrio coas outras actividades da súa vida e non xera problemas asociados. Isto implica que a frecuencia de xogo asumible por cada persoa, dependerá das súas características persoais e, en ningún caso, se considerará que unha recomendación de frecuencia de xogo baixa sexa correcta para toda a poboación.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Correspóndelle ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, no ámbito das súas competencias, velar pola efectividade das políticas de xogo responsable, polo respecto aos límites en materia de publicidade do xogo e polo cumprimento da normativa en materia de control de acceso e colaborar activamente coas asociacións que tratan a persoas con adicción ao xogo, no desenvolvemento e execución das actividades de prevención e información.

4. Os axentes de xogo deberán respectar as regras básicas de política de xogo responsable elaboradas pola administración autonómica, adoptando medidas que atenúen os posibles efectos prexudiciais que o xogo poida producir. En todo caso, polo que se refire á protección das persoas usuarias dos xogos, esas medidas incluirán as seguintes accións:

a) Prestar a debida atención aos grupos en risco.

b) Proporcionar á cidadanía a información necesaria para que poida facer unha selección consciente das súas actividades de xogo.

c) Informar da prohibición de participar nos xogos ás persoas menores de idade ou ás persoas incluídas no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

5. Os axentes de xogo non poderán conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito ás persoas usuarias dos xogos, nin conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que se poidan trocar por diñeiro ás persoas usuarias dos xogos. A vulneración desta prohibición levará consigo a correspondente responsabilidade administrativa nos termos previstos nesta lei.

6. Os axentes de xogo fomentarán a formación das persoas traballadoras dos establecementos de xogo dos que sexan titulares, sobre os aspectos recollidos neste artigo. Esta formación abordará obrigatoriamente os patróns de xogo normais e patolóxicos, os indicios ou síntomas de alerta e as recomendacións de actuación para estes casos.

7. Os axentes de xogo recomendarán deixar de xogar a aquelas persoas que amosen síntomas que indiquen unha diminución significativa ou perda de control sobre o xogo.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

8. Enténdese por axentes de xogo, aos efectos deste artigo, as persoas físicas e xurídicas que, con ánimo de lucro, desenvolvan ou organicen as actividades en materia de xogo.

9. As consellerías con competencias en materia de xogo e sanidade consignarán crédito nos seus orzamentos correspondentes para financiar respectivamente o Observatorio galego de xogo e as actividades dirixidas á prevención da ludopatía.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 5. *Publicidade, promoción, patrocinio e comunicación comercial*

1. A publicidade, promoción, e patrocinio e calquera forma de comunicación comercial das actividades de xogo de competencia autonómica, que se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, estará suxeita a autorización previa e efectuarase nos termos e condicións previstos neste artigo e na normativa regulamentaria de desenvolvemento.

2. A publicidade de calquera modalidade de xogo regulado nesta lei deberá axustarse á normativa específica sobre a publicidade e non conterá, en ningún caso, gráficos, textos ou imaxes xenófobas, sexistas, que fomenten comportamentos compulsivos, actitudes de xogo non moderado e irresponsable ou calquera trato discriminatorio ou contrario á Constitución española ou ao Estatuto de autonomía de Galicia. En particular, queda prohibida a publicidade efectuada na radio ou na televisión cuxo ámbito de cobertura non supere o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o programa e nos inmediatamente anteriores ou posteriores aos programas dirixidos específica e primordialmente ao público infantil.

3. A publicidade e promoción á que se refire o número 1 deste artigo, deberán respectar, en todo caso, a normativa sobre protección das persoas menores de idade e deberán ser acorde co establecido na normativa que regule a información, comercio electrónico e comunicación audiovisual e en ningún caso alterarán a dinámica dos xogos correspondentes.

4. As disposicións acerca da publicidade ilícita contidas na lexislación xeral sobre publicidade serán aplicables á publicidade das actividades de xogo de competencia autonómica así como ás empresas e establecementos autorizados para a comercialización dos ditos xogos.

5. A publicidade e promoción á que se refire o número 1 deste artigo respectarán as regras básicas sobre xogo responsable e deberán conter a advertencia de que a práctica dos xogos pode producir ludopatía e que a dita práctica está prohibida ás persoas menores de idade. Esta advertencia debe figurar de forma claramente visible en todo momento e durante toda a comunicación da mensaxe publicitaria. En todos os locais con máquinas de xogo, cuxa instalación estea suxeita a autorización autonómica, existirá nun lugar visible un cartel coas prohibicións do uso destas.

6. Queda prohibida a publicidade do xogo non presencial a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos e de calquera

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

modalidade de xogo presencial, de competencia autonómica, na radio e na televisión pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 6. *Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia*

1. O Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia é aquel rexistro de titularidade pública no que constan inscritas aquelas persoas físicas que o soliciten, co fin de facer efectivo o dereito da cidadanía a que lles sexa prohibida a participación nas actividades de xogo, así como aquelas persoas físicas que, por resolución xudicial, teñan limitado o acceso ás actividades de xogo ou persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.
O control e xestión deste rexistro será responsabilidade do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo o cal colaborará coa Administración estatal na coordinación do rexistro autonómico e o correspondente rexistro estatal.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia velará en todo momento pola implantación de procedementos electrónicos que garantan o correcto funcionamento do Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

2. O órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo inscribirá neste rexistro:

a) As persoas que voluntariamente soliciten a súa inscrición.

b) As persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.

c) As persoas ás que, por sentencia xudicial firme, de modo principal ou accesorio se lles limitara o acceso ao xogo.

d) As persoas que se vexan afectadas por medidas provisionais consistentes na limitación de acceso ás actividades de xogo adoptadas no marco dun procedemento xudicial e durante a vixencia da medida.

3. O procedemento de inscrición iniciarase por solicitude de persoa interesada e será gratuíto para o solicitante. Non obstante, cando unha resolución xudicial ordene a práctica da inscrición, o procedemento iniciarase de oficio logo da comunicación da resolución xudicial. Neste último caso, o órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo procederá á inscrición inmediata logo da comunicación da resolución xudicial.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

4. O órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo ditará resolución de inscrición no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia no prazo máximo de 15 días desde o inicio do correspondente procedemento.

5. Nos supostos da letra a) do número 2 a inscrición no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia terá vixencia indefinida. Non obstante, a persoa interesada poderá solicitar a cancelación da inscrición unha vez transcorridos seis meses desde a data da inscrición. Nos supostos previstos nas letras b), c) e d) do número 2, a inscrición manterase polo tempo que se estableza na correspondente resolución.

6. O Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia conterá os datos necesarios para a identificación da persoa obxecto de inscrición que estarán desagregados por sexos.

7. As consellerías con competencias en materia de xogo e sanidade implementarán un sistema que permita que as persoas que se inscriban neste rexistro, previa prestación do seu consentimento, reciban unha comunicación na que se lles informe sobre os recursos de axuda dispoñibles e unha proposta de derivación para realizar unha valoración sobre a conveniencia de incorporarse a algún tipo de programa de tratamento. Estas dúas consellerías tomarán as medidas oportunas para que o sistema sanitario galego e os seus recursos asistenciais coñezan a existencia deste rexistro.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Artigo 7. *Dereito de admisión*

1. Mentres non se aprobe a correspondente normativa regulamentaria de desenvolvemento en materia de publicidade, promoción e patrocinio das actividades de xogo de competencia autonómica, na que se regularan as excepcións da correspondente autorización previa de acordo co sinalado no número 1 do artigo 5, non se autorizará ningún tipo de publicidade, promoción e patrocinio das actividades de xogo de competencia autonómica.

2. No obstante, transitoriamente permitirase sen necesidade de autorización administrativa, a publicidade dos xogos de carácter meramente informativo na prensa escrita. Aos efectos do previsto, nesta disposición, entenderase por carácter meramente informativo, a publicidade que inclúa:

1º. Nome ou razón social, enderezo, teléfono, sitio web e enderezo de correo electrónico da empresa de xogo e do establecemento de xogo

2º. Tipos de xogos dos regulados nesta norma que se ofrezan pola empresa autorizada.

3º. Horario da actividade de xogo e días de práctica do xogo.

4º. Servizos complementarios que preste o establecemento de xogo e horario da súa prestación.

3. Permitirase tamén, sen necesidade de autorización administrativa no interior dos establecementos de xogo e dirixidos unicamente ás persoas usuarias destes, a actividade publicitaria dos xogos que poidan practicarse nos correspondentes establecementos así como dos posibles premios e actividades complementarias do propio establecemento ou doutros establecementos de xogo.

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio das autorizacións concedidas de acordo coa normativa anterior*

As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei terán unha duración máxima de 15 anos contados desde a entrada en vigor desta norma.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio en materia de distancias a aplicar á instalación de establecementos de xogo*

Quedan exceptuados do cumprimento das distancias contempladas no artigo 29.3 da presente lei aqueles establecementos de xogo con autorización vixente no momento da súa entrada en vigor, agás nos supostos de cambio de localización do establecemento.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio aplicable á Comisión de Xogo*

En tanto non se aprobe e entre en vigor a adaptación da actual Comisión de Xogo ao disposto nesta lei, continuará funcionando a existente en canto á súa composición conforme ao disposto no Decreto 430/2009, do 19 de novembro, polo que se regula a composición, organización e funcionamento da Comisión de Xogo de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio aplicable ás autorizacións das máquinas auxiliares de apostas e de máquinas de xogo tipo B non instaladas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento*

1. As empresas que conten, no momento da entrada en vigor desta lei, coa autorización do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo para a comercialización e explotación das apostas e maquinas de xogo tipo B, disporán dun prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei para a instalación da totalidade das ditas máquinas que teñan autorizadas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento.

2. Transcorrido o prazo anterior sen que consten efectivamente instaladas procederase de oficio a acordar a extinción das devanditas autorizacións.

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio aplicable aos expedientes en tramitación*

1. Os expedientes que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude correspondente.

2. Os expedientes sancionadores incoados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa incoación, agás nos supostos nos que os preceptos desta lei sexan máis favorables para as persoas presuntas infractoras tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento no momento da entrada en vigor desta lei.

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derrogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

b) Decreto 167/1986, do 4 de xuño, polo que se regula o xogo de boletos.

c) Os artigos 2.3, 17.4 parágrafo 4, 23.4, 31 do Regulamento do xogo do bingo de Galicia, aprobado polo Decreto 181/2002, do 10 de maio.

d) Os artigos 4, 22, 52.2.c), 67.5 e 71.2 do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado, polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro.

e) Decreto 196/2010, do 25 de novembro, polo que se aproba a planificación das autorizacións de explotación de máquinas de tipo B, na Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Os números 2, 3 e 4 da disposición adicional primeira e a disposición derradeira terceira do Decreto 162/2012, do 7 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, e os artigos 10.2, 12.2, 19.3, 25.3, 48.2, 49.4, 50.1, 54.7, 55.6, e 67 do dito Regulamento.

g) A disposición transitoria segunda do Decreto 32/2016, do 17 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de casinos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 21.2 do dito Regulamento.

2. Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 39/2008, de 21 de febreiro*

O Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 7 que queda redactado do seguinte xeito:

<< Artigo 7. *Requisitos xerais das máquinas de tipo B*

Para ser homologadas e inscritas na sección correspondente do Rexistro de Modelos, as máquinas de tipo B terán que cumprir as condicións seguintes:

a) O prezo máximo de cada partida será de 20 céntimos de euro, sen que obste a súa posible división en cantidades de menor importe. O anterior entenderase sen prexuízo do dispositivo opcional para a realización de ata cinco partidas simultáneas ás que se refire o artigo 8 c).

b) O premio máximo que a máquina pode entregar non poderá exceder de 500 veces o prezo máximo da partida simple ou da suma do prezo das partidas simultáneas e o programa de xogo non poderá provocar ningún tipo de encadeamento ou secuencia de premios cuxo resultado sexa a obtención dunha cantidade de diñeiro superior ao premio máximo establecido.

c) Cada máquina estará programada de forma que devolva en todo ciclo de 40.000 partidas consecutivas unha porcentaxe de premios que nunca será inferior ao 70% do prezo das partidas efectuadas.

d) A duración media de cada partida non será inferior a 3 segundos e non poderán realizarse máis de 600 partidas en 30 minutos. Para os efectos da duración, a realización de partidas simultáneas contabilizarase como se se tratase dunha partida simple.

e) Nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento o pagamento dos premios consistirá necesariamente en diñeiro de curso legal entregado pola máquina.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Nos salóns de xogo, salas de bingos e casinos poderá realizarse tamén o pagamento dos premios a través dos seguintes medios:

1º Tíckets ou fichas expedidos pola propia máquina e homologados xunto con esta polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. Neste caso, os ditos tíckets e fichas deberán trocarse por diñeiro de curso legal no mesmo establecemento ou, a elección da persoa usuaria dos xogos que obtivo o premio, por calquera outro medio legal de pago que non lle supoña ningún gasto.

2º Tarxetas electrónicas de pago e reintegro en substitución do diñeiro de curso legal, adquiridas no propio establecemento e previamente homologadas polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. As ditas tarxetas deberán ser trocadas no mesmo establecemento por diñeiro de curso legal ou, a elección da persoa usuaria dos xogos que obtivo o premio, por outros medios legais de pago que non lle supoñan gastos.

f) As máquinas poderán dispoñer dun mecanismo de expulsión automática dos premios ao exterior, sen necesidade de acción ningunha por parte da persoa usuaria dos xogos.

g) Para iniciar a partida requirirase que a persoa usuaria dos xogos accione o interruptor ou dispositivo de posta en marcha. Transcorridos 3 segundos sen facelo a máquina poderá funcionar automaticamente.

h) No taboleiro frontal ou na pantalla de vídeo deberá constar de forma gráfica, visible e por escrito, as regras de xogo, a descrición das combinacións gañadoras, a indicación dos tipos de fichas, tíckets ou tarxetas que acepta no seu caso podéndose indicar os valores de moedas aceptadas, o importe dos premios correspondentes a cada unha das partidas, a porcentaxe mínima de devolución en premios e a prohibición da súa utilización a menores de idade, así como a advertencia de que a práctica abusiva do xogo pode crear adicción.

i) O contador de créditos da máquina non admitirá unha acumulación superior ao equivalente a 100 veces o prezo máximo autorizado por partidas.

j) A memoria electrónica da máquina que determina o xogo deberá ser imposible de alterar ou manipular.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

k) As máquinas incorporarán unha fonte de alimentación de enerxía autónoma que preserve a memoria en caso de desconexión ou interrupción do fluído eléctrico e permita no seu caso, o reinicio do programa no seu mesmo estado.

l) As máquinas non poderán instalar ningún tipo de dispositivo sonoro que entre en funcionamento mentres a máquina non estea en uso por unha persoa xogadora.

m) O xogo poderá desenvolverse mediante a utilización de pantalla de televisión ou soporte físico análogo controlado por sinal de vídeo ou semellante.

n) As máquinas poderán conter tantos xogos como os indicados pola empresa fabricante na súa memoria explicativa. Os ditos xogos deberán ser ensaiados por un laboratorio habilitado, poderán funcionar indistintamente e requirirán autorización previa para o troco de todos ou cada un deles por outros igualmente homologados. En calquera caso, para os efectos das porcentaxes de premios exixidos, estes xogos computarán como unha soa máquina.>>

Dous. Modifícase o artigo 7 bis que queda redactado do seguinte xeito:

<< Artigo 7 bis. *Requisitos xerais das máquinas de tipo B especial*

Para ser homologadas e inscritas na sección correspondente do Rexistro de modelos, as máquinas de tipo B especial terán que cumprir as condicións seguintes:

a) O prezo máximo de cada partida será de 20 céntimos de euro, sen que obste a súa posible división en cantidades de menor importe. O anterior entenderase sen prexuízo do dispositivo opcional para a realización de ata trinta partidas simultáneas ás que se refire o artigo 8 c).

b) O premio máximo que a máquina pode entregar non poderá exceder de 1.000 veces o prezo máximo da partida simple ou da suma do prezo das partidas simultáneas. O programa de xogo non poderá provocar ningún tipo de encadeamento ou secuencia de premios, cuxo resultado sexa a obtención dunha cantidade de diñeiro superior ao premio máximo establecido.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

c) Cada máquina estará programada de forma que devolva, en todo ciclo de 120.000 partidas consecutivas, unha porcentaxe de premios que nunca será inferior ao 80 % do prezo das partidas efectuadas.

d) As demais condicións enumeradas nas letras d) a n) do artigo 7 agás a letra i)>>

Tres. A letra d) do artigo 8 queda redactada como segue:

<< d) Moedeiros aptos para admitir moedas ou billetes de valor non superior a 50 euros agás no suposto das máquinas instaladas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento nas que os moedeiros non poderán admitir moedas ou billetes de valor superior en cen veces o prezo máximo autorizado por partida.>>

Catro. A letra h) do artigo 8 queda coa seguinte redacción:

<< h) As que conformando un só moble permitan a súa utilización simultánea e independente por dúas ou máis persoas usuarias dos xogos, para a súa instalación exclusiva en salóns de xogo e dependencias habilitadas, para o efecto, en salas de bingo e casinos de xogo.

Estas máquinas estarán amparadas por unha única autorización de explotación e para o efecto exclusivo de capacidade computarán como unha única máquina por cada dúas persoas usuarias dos xogos ou fracción excedente deste múltiplo.

Para os efectos da porcentaxe de premios exixible e independentemente do número de prazas de persoas usuarias dos xogos que a conformen computarán como unha soa máquina.

Estas máquinas poderán dispor dun único contador que acumule créditos, premios e diñeiro introducido. Neste suposto, a persoa usuaria dos xogos, á súa vontade, poderá recuperar o diñeiro en calquera momento, agás no transcurso dunha partida.>>

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 162/2012, do 7 de xuño*

O Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Decreto 162/2012, do 7 de xuño, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 55.2 que queda redactado do seguinte xeito:

<<A instalación dunha máquina auxiliar de apostas nun establecemento de restauración ou de ocio e entretemento, requirirá a solicitude previa da autorización de instalación e localización, á que se xuntará un documento de conformidade asinado pola persoa titular do negocio>>

Dous. Modifícase o artigo 55.4 f) que queda redactado do seguinte xeito:

<<Documento de conformidade asinado pola persoa titular do negocio>>

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Modificacións regulamentarias*

As disposicións dos distintos regulamentos de xogo que son obxecto de modificación mediante esta lei poderán ser modificadas pola norma de rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

1. Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

2. Dentro do prazo dun ano seguinte ao da entrada en vigor da presente lei iniciaranse os trámites pertinentes para a aprobación dos regulamentos necesarios para o desenvolvemento da presente lei coa excepción do desenvolvemento regulamentario polo que se estableza a creación, natureza, fins, composición e adscrición relativo ao Observatorio Galego de Xogo que deberá estar aprobado no prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádese un novo número 13 ao artigo 23 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia coa seguinte redacción:

<<13. As inscricións no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo en Galicia>>

XUNTA DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*

Modifícase o número 5 do apartado Un do artigo 19 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, quedando redactado como segue:

<<5. Os xogos enumerados no apartado 2 do artigo 2 da Lei reguladora dos xogos de Galicia a excepción do contemplado na letra g)>>

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O vicepresidente segundo e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 12:31:17
Nº Rexistro: 42308
Data envio: 06/10/2022 12:31:17.991

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2009 a sanidade sufriu fortes recortes no seu orzamento, o que fixo que se deteriorase dun xeito preocupante a calidade da sanidade pública galega, en especial, a atención primaria sufriu desde ese ano recortes no investimento que levaron a súa saturación e a un risco real de desmantelamento.

Esta situación viuse especialmente agravada coa pandemia da covid que provocou o colapso do sistema de atención primaria con peches de centros, eliminación de consultas, longas listas de espera, falta de accesibilidade, saturación do persoal … situación que continúa a día de hoxe.

Galiza está lonxe de cumprir coa recomendación da Organización Mundial da Saúde de investir o 25% do orzamento total de sanidade en atención primaria, que suporía reforzar os servizos para garantir o dereito á saúde da poboación. Lonxe de cumprir con esta recomendación, nos orzamentos aprobados no ano 2022 Galiza non só non destinou máis recursos a atención

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primaria, senón que recortou aínda máis o investimento con respecto ao ano anterior, investindo un 2 millóns de euros menos que no ano 2021, e situándose o investimento en atención primaria 2.2 % menos que na media do Estado, un 12% fronte ao 14.2%..

A atención primaria é un pilar básico do sistema sanitario, o eixo fundamental do dereito á saúde da poboación, e debe contar co investimento necesario e suficiente para poder desenvolver as súas funcións e cumprir cos seus obxectivos.

Para isto, proponse a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde Galiza, concretamente do artigo 104, introducindo un novo parágrafo a fin de establecer a obriga legal de investir na atención primaria o 25% do total dos orzamento dos programas de gastos sanitarios contemplados nos orzamentos da Comunidade Autónoma, excluído o gasto farmacéutico, seguindo así, e cumprindo coa recomendación da Organización Mundial da Saúde para ter uns servizos que cumpran coa súa función de garantir o dereito á saúde da poboación.

**Artigo único**

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde Galiza.

Un. Engádese un novo parágrafo no artigo 104 co seguinte contido:

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 12:31:17
Nº Rexistro: 42308
Data envío: 06/10/2022 12:31:17.991

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O gasto vinculado ao catálogo de servizos regulado no artigo 50 desta Lei, relativo á atención primaria, suporá o 25% do total do orzamento dos programas de gastos sanitarios contemplados nos orzamentos da Comunidade Autónoma, excluído o gasto farmacéutico".

**Disposición adicional**

A Xunta de Galiza presentará no Parlamento galego, no prazo máximo de seis meses desde a aprobación da modificación contida nesta lei, a planificación detallada, coas medidas e cronograma a poñer en marcha para que a Atención Primaria se converta no auténtico nivel vertebrador do sistema sanitario, para a súa aprobación.

**Disposición derrogatoria única**

Quedan derrogadas cantas disposicións se opoñan ao disposto na presente Lei.

**Disposición derradeira primeira**

Facúltase ao Consello da Xunta de Galiza e ao órgano competente en materia de sanidade para ditaren as disposición regulamentarias e instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta Lei.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 12:31:17
Nº Rexistro: 42308
Data envío: 06/10/2022 12:31:17.991

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Disposición derradeira segunda**

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galiza, e debe comezar a efectivizarse a partir do primeiro orzamento desde a súa aprobación, até acadar a súa aplicación completa no prazo máximo de seis anos.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 12:31:17
Nº Rexistro: 42308
Data envio: 06/10/2022 12:31:17.991

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE REFORMA DA LEI 8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALIZA**

- Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galiza.

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2022 12:30:16**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 12:31:17
Nº Rexistro: 42308
Data envio: 06/10/2022 12:31:17.991

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2022 12:30:33**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2022 12:40:49
Nº Rexistro: 42368
Data envio: 07/10/2022 12:40:49.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 4 de outubro, sobre a política ambiental da Xunta de Galiza nas rías galegas (doc. núm **36128**, [**11/INT-001872**]).

### Moción

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar de maneira urxente, e poñer en marcha un plano estratéxico para a recuperación das rías galegas en estreita colaboración co sector do mar, coas entidades ecoloxistas, cos centros de investigación e coas universidades galegas que, cando menos, contemple:

-O control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño.

-O saneamento integral das rías con EDAR de sistema separativo.

-O estudo, ría por ría, dos principais factores que inciden na perda de produción e a execución das medidas máis acaídas, segundo os estudos, para recuperar especialmente aqueles bancos marisqueiros que teñan sufrido descensos de produción.

-A promoción de hatcherys públicas ou mixtas para surtido de semente propia, primando as especies autóctonas e, en colaboración cos centros de

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investigación, procurar as cepas máis resistentes diante dos parásitos e enfemidades habituais na nosa costa.

-O potenciamento dos centros de investigación da Consellería do Mar e da colaboración entre estes e as universidades galegas.”

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 07/10/2022 12:40:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2022 12:40:23**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2022 13:52:29
Nº Rexistro: 42377
Data envío: 07/10/2022 13:52:29.498

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 4 e 5 de outubro do 2022, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas (11/INT-001999, documento número 41162).

## Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Atender ás recomendacións do Consello de Contas no que respecta á xestión da súa contabilidade, adaptándoa aos requirimentos implantando un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública, un sistema de contabilidade analítica nos centros, así como a seguir as recomendacións de transparencia e información que é necesario facer pública sobre a súa xestión económica, especialmente en relación co control interno esencial do Sergas e os seus resultados, a través do control financeiro de ciclo continuo, remitindo e publicando en prazo tanto o Plan de control financeiro, como as actuacións levadas a cabo no exercicio para o seu desenvolvemento.

2. Incluír ás fundacións públicas de investigación na contabilidade a analizar polo Consello de Contas como entidades do sector público autonómico e se deixen de cualificar de forma impropia como fundacións privadas de carácter benéfico, ademais de presentala nos orzamentos da Xunta de Galicia.

3. Reduza o abuso da contratación menor, sen publicidade nin concorrencia, no eido da Consellería de Sanidade, para axeitala aos estándares naturais e ao seu uso excepcional e non estrutural, tal e como recomenda o Consello de Contas de Galicia.

4. Elaborar, no prazo dun mes, un informe detallado do destino de gasto das contías recibidas como Fondo Extraordinario COVID en 2020 baixo criterios sanitarios, con especial atención aos 159 millóns de euros non dedicados ao ámbito sanitario. Este informe será remitido ao Parlamento de Galicia no menor

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

prazo posible dende a súa finalización.

Pazo do Parlamento, 7 de outubro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 07/10/2022 12:33:41**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2022 12:33:50**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 4 e 5 de outubro do 2022, sobre o impulso da economía circular en Galicia (11/INT-001955, doc. núm. 39636).

## Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver as propostas contidas na Estratexia Galega de Economía Circular implicando á sociedade civil, ao tecido empresarial e aos diferentes axentes nas administracións públicas.
2. Revisar a Estratexia Galega de Economía Circular e incluír na mesma alternativa ao modelo de incineración de Sogama co fin de cumprir as esixencias europeas e medidas en materia de educación e sensibilización acordes á realidade galega.
3. Eliminar as principais barreiras que existen na actualidade para a implantación da economía circular, mediante as seguintes medidas:

   - Aumentar o investido en I+D+I+T ata o 1,5 % do PIB galego, para combater as barreiras tecnolóxicas, que permitan posicionarnos como líderes en novas tecnoloxías.
   - Establecer incentivos ás empresas que aposten por sistemas de produción circulares co fin de paliar os maiores custos da produción a pequena escala e do investimento inicial que isto xera.
   - Levar a cabo campañas de concienciación e información á cidadanía dirixidas cara a asunción dunha nova cultura de consumo e de convivencia baseada, entre outras cousas, na transparencia, no civismo e na sinerxía.
   - Revisar a lexislación actual que está deseñada sobre a base dun modelo de produción lineal e, polo tanto, favorece a súa continuidade, para así poder dotar de seguridade xurídica ás diferentes estratexias de implantación da economía circular.
4. Participar dende o goberno da Xunta de Galicia, en colaboración con entidades privadas, nas convocatorias das diferentes liñas que ofrece o PERTE de economía circular mediante proxectos que axuden a acadar unha

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

economía mais sostible e eficiente no uso de recursos, asi como prestar asesoramento técnico e colaboración ás empresas galegas na presentación destes proxectos.

Pazo do Parlamento, 7 de outubro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 07/10/2022 17:27:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2022 17:27:21**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 16:30:19
Nº Rexistro: 42462
Data envio: 10/10/2022 16:30:19.350

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Verea Fraiz, Elena Candia López, Jose Manuel Balseiro Orol, Daniel Vega Pérez, José Manuel Rey Varela, Maria Begoña Freire Vázquez, Adrian Pardo López, Paula Prado del Rio, Jose Alberto Pazos Couñago e Marisol Díaz Mouteira** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo **trámite de urxencia.**

**<u>Xustificación da urxencia</u>**

*A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.*

**<u>Exposición de Motivos:</u>**

No marco enerxético actual, o impulso ás enerxías renovables converteuse nun asunto prioritario e estratéxico para evitar escenarios de dependencia doutras fontes e para reducir os elevados custos que padecen a cidadanía e a industria do noso país.

En Galicia apostouse sempre por un modelo eólico ordenado, garantista, sustentable e respectuoso co noso territorio, compaxinando medidas de axilidade administrativa co respecto por todas as garantías ambientais, legais e técnicas que as normativa estatal e autonómica ofrecen, tanto para os promotores dos proxectos como para o conxunto da sociedade. De feito, a comunidade galega achegou o 14,8% da xeración renovable do noso pais en 2021, ocupando o segundo lugar tras Castela e León.

Sen embargo, o desenvolvemento da enerxía eólica terrestre viuse condicionada polos prazos establecidos polo Goberno central no Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, que establece a obrigatoriedade de que os promotores acrediten o cumprimento duns determinados fitos administrativos nunhas datas estipuladas nesta norma. Un feito que en Galicia supuxo recibir 144 novas solicitudes de tramitación de parques eólicos nun breve prazo de tempo, que suman un total de 4.095,30 MW, o que equivalería a case duplicar a potencia actual instalada.

O temor dos promotores a perder os permisos de acceso e conexión que dispoñían derivou na presentación dun gran número de proxectos sen o grao de detalle e estudo que este tipo de actuacións requiren, xerando unha gran alarma social e o rexeitamento dunha tecnoloxía sobre a que ata ese momento dispoñía dun consenso maioritario.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 16:30:19
Nº Rexistro: 42462
Data envio: 10/10/2022 16:30:19.350

grupo parlamentario popular de galicia

Esta esixencia imposta desde o Ministerio provoca que na actualidade 125 proxectos eólicos, cunha potencia instalada de 3.522,14 MW, corran o risco de perder os seus permisos de acceso e conexión se non obteñen a Declaración de Impacto Ambiental antes do 24 de xaneiro de 2023, a pesar dos esforzos realizados pola Administración Autonómica para abordar a tramitación destes proxectos en tempo e forma (importante reforzo de persoal nos centros directivos implicados e adopción de medidas lexislativas que simplifican os procedementos mantendo todas as garantías ambientais).

Algúns destes parques están vinculados a contratos de compravenda de enerxía con industrias galegas e que son necesarios para garantir a súa competitividade, como é o caso de Alcoa (San Cibrao), Sentury (As Pontes) ou Showa Denko (A Coruña), entre outras. Polo tanto, resulta imprescindible que o Goberno central - a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico -, promova unha nova ampliación dos prazos sinalados na Real Decreto-lei 23/2020 que permita saír adiante aqueles proxectos ben deseñados, traballados e positivos para Galicia poidan saír adiante.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a unha ampliación dos prazos sinalados na Real Decreto-lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables que proporcionen oportunidades para mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas e a competitividade da industria galega."

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 10/10/2022 16:22:23**

**Cristina Sanz Arias na data 10/10/2022 16:22:58**

**José Antonio Armada Pérez na data 10/10/2022 16:23:01**

**Pardo López, Adrián na data 10/10/2022 16:24:13**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 10/10/2022 16:24:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

**Sandra Vázquez Domínguez na data 10/10/2022 16:25:19**

**Borja Verea Fraiz na data 10/10/2022 16:25:27**

**María Elena Candia López na data 10/10/2022 16:25:57**

**José Manuel Balseiro Orol na data 10/10/2022 16:26:01**

**Daniel Vega Pérez na data 10/10/2022 16:26:38**

**José Manuel Rey Varela na data 10/10/2022 16:26:43**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 10/10/2022 16:27:39**

**Paula Prado del Río na data 10/10/2022 16:27:55**

**José Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2022 16:28:25**

**María Sol Díaz Mouteira na data 10/10/2022 16:28:30**

**Pedro Puy Fraga na data 10/10/2022 16:29:00**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 13:01:37
Nº Rexistro: 42059
Data envío: 30/09/2022 13:01:37.900

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a administración do Estado como a Xunta están ocupando de maneira ilegal o dominio público marítimo terrestre na Xunqueira do Alba, no concello de Pontevedra. Ningunha das instalacións alí existentes neste espazo natural, declarado ENIL no ano 2012, ten concesión en vigor, tal como se informou nunha resposta parlamentar do goberno central ao BNG.

No caso da administración do Estado, está ocupando de maneira ilegal parte do ENIL e o dominio público coas edificacións e instalacións da Dirección Xeral de Tráfico (Centro de Exames de Conducir), Parque Móvil do Estado e Dirección Xeral de Protección da Costa e do Mar. En relación con esta materia, o BNG xa presentou no Congreso iniciativas dirixidas ao goberno central.

No que atinxe á administración autonómica, está ocupando de maneira ilegal dúas parcelas do dominio público marítimo terrestre, xa que as concesións remataron no ano 2018 e non se solicitou ningunha prórroga. A Axencia Galega de Infraestruturas ten alí unha edificación e unha zona de estacionamento e depósito de materiais pertencente ao Centro de Conservación e Vialidade Invernal. A Consellaría de Medio Rural ten tamén unha edificación de talleres e base de bombeiros forestais, que segundo información dada polo Director Xeral de Defensa do Monte en sede parlamentar van ser

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

substituídos por ubicacións alternativas previstas en Botos (Lalín) e no Campiño (Pontevedra).

Mentres a Deputación de Pontevedra está a levar a cabo un ambicioso proxecto de rexeneración ambiental do espazo ocupado polo parque de maquinaria e da imprenta provincial, con un investimento de máis de 3,6 millóns de euros, nada se sabe das previsións, prazos e investimentos da Xunta para deixar libres os espazos do ENIL, levar a cabo a demolición das edificacións e rexenerar o espazo.

Tendo en conta a próxima tramitación dos orzamentos autonómicos do 2023, estamos diante dunha grande oportunidade para comezar a cumprir a lei, para respectar o dominio público marítimo terrestre e para gañar un gran espazo verde e de lecer nun ámbito que a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde considera de interese prioritario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Respectar o dominio público marítimo terrestre, o ENIL da Xunqueira do Alba e os humidais inventariados e, en consecuencia, desenvolver un plan para o traslado das instalacións e a rexeneración ambiental do espazo que ocupan.

2. Elaborar os proxectos das novas instalacións, de derrubo das actuais e de rexeneración ambiental da zona, incluíndo nos orzamentos do 2023 e 2024 unha dotación orzamentaria de cando menos 3,5 millóns de euros."

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2022



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 13:01:37
Nº Rexistro: 42059
Data envio: 30/09/2022 13:01:37.900

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2022 13:00:06**

**Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2022 13:00:15**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2022 13:00:24**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Adrián Pardo López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodriguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

O pasado mes de xullo, cumpríanse 25 anos do cruel asasinato do concelleiro popular de Ermua, Miguel Ángel Blanco.

Un asasinato que foi un punto de inflexión na reacción social contra o terrorismo de ETA, dando lugar ao nacemento do Espírito de Ermua.

Unha resposta social que se uniu en torno a unha mensaxe: memoria, dignidade e xustiza.

É importante recordar a Miguel Ángel Blanco e aos máis de 800 asasinados pola banda terrorista ETA.

Por iso, 25 anos despois do cruel asasinato do concelleiro de Ermua, resultan preocupantes algúns datos recentes de distintos estudos sociolóxicos onde se amosa que case o 60% da mocidade descoñece quen foi Miguel Ángel Blanco, que case o 95% dos españois descoñece o número de vítimas de ETA ou que o 70% da sociedade descoñeza que Ortega Lara foi o secuestro máis longo perpetrado pola banda terrorista.

No pleno do Parlamento de Galicia do pasado 13 de xullo, todos os grupos parlamentarios apoiaban unha declaración institucional onde se reclamaba entre outras cousas o compromiso de todas as administracións públicas para que o legado da memoria de Miguel Ángel Blanco e de todas as vítimas de ETA non caia no esquecemento.

Por iso, faise necesario unha implicación por parte de todas as institucións no mantemento da memoria das vítimas do terrorismo, pois como finalizaba a declaración institucional “cada un deses homes e mulleres forman parte imprescindible da historia do noso país. Para todas e todos eles reclamamos: memoria, dignidade e xustiza”.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 17:02:09
Nº Rexistro: 42079
Data envío: 30/09/2022 17:02:09.786

grupo parlamentario popular de galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para realizar as accións oportunas para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA, en especial entre a mocidade”.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 17:02:09
Nº Rexistro: 42079
Data envío: 30/09/2022 17:02:09.786

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/09/2022 16:53:55**

**Pardo López, Adrián na data 30/09/2022 16:54:18**

**Paula Prado del Río na data 30/09/2022 16:54:31**

**José Manuel Rey Varela na data 30/09/2022 16:54:47**

**María Sol Díaz Mouteira na data 30/09/2022 16:55:07**

**Ana Belén García Vidal na data 30/09/2022 16:55:38**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2022 16:56:00**

**José Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2022 16:56:37**

**Noelia Pérez López na data 30/09/2022 16:56:50**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 17:26:12
Nº Rexistro: 42080
Data envio: 30/09/2022 17:26:12.517

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Adrián Pardo López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodriguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

O pasado mes de xullo, a Xunta en colaboración coa Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA – Ucraína) firmaban un acordo de colaboración onde a Xunta cofinanciará o 95% do coste total do alugueiro de camións.

Entre as accións previstas destacan a identificación dos produtos de primeira necesidade máis solicitados, en colaboración coas Organizacións Non Gobernamentais (ONGs) que actúan no territorio, e a solicitude de axuda de produtos básicos á poboación galega, coa creación de puntos de entrega.

Tras a compilación, as doazóns trasladaranse aos almacéns centrais e prepararanse os envíos e transporte nos camións para a súa entrega ás ONGs locais, que serán quen as distribúa.

A sociedade civil ucraniana é a principal vítima do desabastecemento provocado pola invasión rusa.

Tras máis de seis meses de conflicto, as asociacións alertan de que as axudas minguaron co paso dos meses, por iso é imprescindible seguir colaborando con asociacións como AGA – Ucraína nacida en Galicia da man de ucranianos residentes na nosa autonomía e de voluntarios galegos que se constituiron como asociación co fin único de axudar a poboación ucraniana.

Atendendo ao que nos amosan as estatísticas de evolución de afiliación e á dramática situación que están pasando milleiros de pequenas e medianas empresas e autónomos deste país, o goberno galego debe abandonar a súa pasividade e poñerse ao fronte para axudar ao sector nunhas circunstancias de máxima dificultade. E iso pasa por articular, no inmediato, axudas directas para paliar os efectos do prezo da enerxía e dos carburantes, que están afogando e condicionando a actividade ordinario de milleiros de pequenas empresas e autónomos do noso país. E a moi curto prazo, un auténtico plan de choque, consensuado coa totalidade do sector, que recolla orzamento suficiente e uns criterios que faciliten o acceso ás axudas para aquelas pequenas e medianas empresas e autónomos aos que afectou especialmente, pola súa tipoloxía, o fenómeno inflacionista e o prezo da enerxía e carburantes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Articular de xeito inmediato e puntual unha axuda directa de 300 Euros a pequenas e medianas empresas do país e ás persoas autónomas, para paliar os efectos da suba dos carburantes e da enerxía.

- Constituír con carácter urxente unha mesa de traballo coa totalidade das asociacións de autónomos de Galiza co fin de articular un auténtico Plan de Choque con dotación orzamentaria suficiente, que contemple tamén as posíbeis aportacións económicas de outras administracións, que conte con criterios consensuados que faciliten o acceso ás axudas, que irán dirixidas, especialmente, ás PEMES e persoas



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autónomas que, pola súa tipoloxía, están a sufrir de xeito máis virulento o fenómeno inflacionista e o prezo dos carburantes e a enerxía."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Rosana Pérez Fernández**
Deputados e deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2022 16:27:53**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2022 16:27:58**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2022 16:28:09**

**Daniel Pérez López na data 06/10/2022 16:28:18**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:29:58
Nº Rexistro: 42329
Data envio: 06/10/2022 17:29:58.333

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre un Pacto galego pola industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comparativa do Índice de produción industrial estatal e da Galiza resulta moi negativa para nós, con un ano 2022 demoledor para a nosa industria que perde un 7% en variación interanual e un 1,9% de media no que vai de ano, mentres o estado observa unha taxa interanual positiva do 1,3% e un +3,2% no que vai de ano.

Este non e máis que outro indicador que deixa en evidencia a falta dunha política industrial do goberno do Partido Popular, que vai na mesma liña que os datos de ocupación do ano 2021, que rexistraron unha caída no sector industrial do 4,8% respecto do ano 2019 (antes da pandemia), o que significa 8.700 empregos destruídos, e no segundo trimestre deste ano 2022 mantiñan a tendencia negativa, tanto en comparación co primeiro trimestre como en comparación co mesmo trimestre do ano anterior.

Entre os diferentes problemas que están lastrando a tan desexada reactivación económica destaca a caída do investimento, con unha nova caída durante o primeiro trimestre do ano situando a taxa de variación interanual nun -2,5%, mentres que no

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conxunto do estado medra un 6,5% segundo apunta o último informe de conxuntura do Foro económico de Galiza.

A respecto da importancia deste problema, o profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Edelmiro López Iglesias, apuntaba tamén recentemente nun artigo de análise da situación económica que “na última década a economía galega vén mantendo unha baixa taxa de investimento, inferior á media española e da Unión Europea. Este dato di moitas cousas: debilidade da iniciativa privada, limitada confianza do empresariado nas políticas aplicadas e no futuro do País, ausencia dun impulso do investimento público. Con esas taxas de investimento dificilmente Galiza pode afrontar os retos que sempre se mencionan: reindustrialización, innovación, dixitalización, transición ecolóxica...”

Datos e opinións que abundan nas manifestacións da principal central sindical do país, a CIG, que na súa reivindicación dun Plan galego de recuperación económica fan especial énfase nas medidas destinadas á defensa e impulso do sector industrial.

Ante a gravidade desta situación, imposíbel de negar ou ocultar, e con efectos moi preocupantes a nivel demográfico, o Partido Popular opta por facer de oposición ao goberno estatal sen impulsar ningún tipo de alternativas que corrixan estas tendencias, unha actitude absolutamente irresponsábel por parte de quen ten a grande maioría das competencias relativas á planificación económica e industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:29:58
Nº Rexistro: 42329
Data envio: 06/10/2022 17:29:58.333

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar un Pacto galego para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial, coa participación do Consello económico e social de Galiza, a partir de tres compromisos básicos por parte da Xunta de Galiza:

1. Marcarse como obxectivo para final da lexislatura que o PIB industrial represente o 20% do PIB galego.

2. Elevar o financiamento en I+D+i até o 2,5% do PIB.

3. Comprometerse a co-financiar en algunha medida aqueles proxectos que froito deste pacto teñan a consideración de estratéxicos para Galiza."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2022 17:17:14**

**Daniel Pérez López na data 06/10/2022 17:17:17**

**María do Carme González Iglesias na data 06/10/2022 17:17:35**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2022 17:17:45**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 18:17:11
Nº Rexistro: 42339
Data envío: 06/10/2022 18:17:11.539

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Estase detectando nos últimos tempos a presenza de aves migratorias que poderían estar afectadas por gripe aviaria en distintos puntos das costas galegas, procedentes probablemente do Norte de Europa. Tamén se está a observar un decrecemento acusado de distintos tipos de aves mariñas, con conteos dalgunhas especies como mascatos ou palleiras grandes que son entre 5 e 10 veces menores que a media ordinaria.

Por outra banda, a Xunta xa detectou casos de gripe aviaria a mediados de setembro nas praias de Raeiro (O Grove), Razo (Carballo) e no porto de Cabanas (Muros), mentres que Gran Bretaña detectou a propagación desta doenza desde o inverno pasado en varias das súas colonias de aves mariñas.

A gripe aviaria e unha enfermidade infecciosa, que se propaga principalmente de ave en ave. Despois do brote de 2004-2005, que afectou a aves de cría en granxas, foron aparecendo variantes en aves silvestres, tendo a última, identificada en 2021, un especial impacto en Europa.

**A** transmisibilidade do virus ás persoas é moi baixa ata o momento, sen descartar cambios no futuro, pero o contaxio entre aves silvestres e domésticas adoita ser elevado, o cal supón un risco evidente, especialmente porque a costa galega é unha ruta moi importante nas migracións de aves entre o norte de Europa e África, tanto de ida como de volta, unha ruta pola que pasan milleiros de aves cada ano, moitas das cales fan “escala” máis ou menos duradeira en Galicia.

A comezos de outubro detectouse en Guadalajara o primeiro caso de transmisión a humanos de gripe aviaria en España, que é o segundo en Europa.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que informe periodicamente do risco de gripe aviaria nas costas galegas, estableza mecanismos de información sobre como actuar no caso de atopar aves acuáticas que semellen afectadas pola gripe aviaria e deseñe un plan de resposta rápida para o caso de extensión da enfermidade, todo iso dotando dos medios e recursos materiais e

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

humanos necesarios, especialmente aos centros de recuperación da fauna silvestre e á gardería de Medio Ambiente da Xunta.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey  na data 06/10/2022 18:11:17**

**Pablo Arangüena Fernández  na data 06/10/2022 18:11:26**

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 06/10/2022 18:11:36**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 11:43:53
Nº Rexistro: 42177
Data envio: 04/10/2022 11:43:53.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as Oficinas de atención á vítima.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada debido á necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con sete Oficinas de Atención á Vítima (OAV) dependentes dos Decanatos da Coruña, Ferrol, Compostela, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra. Un servizo esencial de atención e apoio que adquire un valor maior, se cabe, nos casos de violencia machista.

Na actualidade, estas oficinas están dotadas cun profesional do ámbito da psicoloxía (dependente da Fiscalía) e cun de Traballo Social cuxo contrato ten unha duración dun a tres anos prorrogables até cinco con cargo aos fondos do Pacto de estado contra a violencia machista.

Porén, as traballadoras sociais descoñecen na actualidade se continuarán ou non exercendo as súas funcións toda vez que non lles foi comunicada a prórroga dos seus contratos. Cómpre sinalar que a incorporación en 2019 das traballadoras sociais ás

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Oficinas de Atención á Vítima (OAV) permitiu mellorar a asistencia, o acompañamento e a protección das mulleres vítimas de violencia machista nun ámbito, como o xudicial, no que se pode producir unha vitimización secundaria que a lexislación esixe previr e evitar.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego é fundamental a continuidade das sete traballadoras sociais que actualmente integran as Oficinas de Atención á Vítima e dotar de estabilidade a estas profesionais.

Así mesmo, debería garantirse unha maior atención garantindo a presenza, por exemplo, de servizos xurídicos que fornezan do asesoramento legal necesario ás vítimas que fan uso da oficina pois, actualmente, moitas mulleres vítimas de violencia machista formulan cuestións a respecto dos seus procesos xudiciais para as que o persoal de psicoloxía e traballo social non dispón de formación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1- Dotar de continuidade e maior estabilidade as traballadoras sociais que na actualidade conforman as Oficinas de Atención á Vítima. Para tal fin o Goberno galego garantirá fondos propios, de non se manter ou demorarse os fondos correspondentes ao Pacto de estado contra a violencia machista.

2- Ampliar a atención que reciben as vítimas nas OAV dotándoas de persoal xurídico. "



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2022 11:27:51**

**Iria Carreira Pazos na data 04/10/2022 11:28:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2022 11:28:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2022 11:28:20**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 12:01:04
Nº Rexistro: 42438
Data envio: 10/10/2022 12:01:04.912

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás deficiencias no servizos de urxencias extrahospitalarias, aéreas e terrestres no sur de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre esta problemática.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ten denunciado que dende o sábado día 1 de outubro pola tarde, até o día 4, martes, tamén pola tarde, e dicir, durante tres días, o helicóptero que cubre as urxencias sanitarias con base en Ourense estivo inoperativo. Iso significou que a área sur de Galiza quedou sen posibilidade de transporte aéreo urxente medicalizado.

Esta situación fixo que en todo o país tan só estivera operativo un único helicóptero con base en Santiago de Compostela, xa que Galiza tan só conta con dous helicópteros para atender as urxencias, un con base en Santiago de Compostela e outro en Ourense.

A causa alegada para a xustificar a inoperatividade do helicóptero foi unha revisión técnica en cumprimento dos requisitos legais establecidos nos pregos de



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 12:01:04
Nº Rexistro: 42438
Data envio: 10/10/2022 12:01:04.912

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contratación. Estamos polo tanto diante dunha actuación que tiña que ter sido programada, totalmente previsible.

Non é aceptábel que a empresa concesionaria do servizo, Eliance, non tivera outra nave dispoñíbel para non deixar sen atención a metade do país, Ourense, parte da montaña de Lugo, zonas do interior de Pontevedra, o Baixo Miño...

Non é de recibo que o 061 tivera que solicitarlle á empresa concesionaria en Ourense do servizo de transporte sanitario urxente unha ambulancia SVA para “cubrir” a ausencia do helicóptero, cando está  foi unha das melloras ofertadas pola empresa, e porque evidentemente non é unha alternativa ao servizo que presta o helicóptero, nin por tempos de resposta, nin ámbito xeográfico.

A falta deste helicóptero é especialmente grave, xa que o mesmo ten un ámbito de cobertura dos seus servizos nunha zona moi deficitaria en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre,  toda a área sur de Galicia, Ourense, área Sur da provincia de Pontevedra e sueste de Lugo. Zonas afastadas dos hospitais e sen ambulancias de Soporte Vital Avanzado, só hai unha en toda a provincia de Ourense, ningunha ni no Baixo Miño nin nas zonas do interior da provincia de Pontevedra, nin na montaña de Lugo. Miles de galeg@s quedaron desprovist@s dun servizo de transporte medicalizado rápido en caso dunha emerxencia.

É máis que evidente a falta de previsión da empresa ao saber que a vida útil deste helicóptero remataba o 1 de outubro e da Xunta de non ter tomado medidas, diante da empresa titular da concesión do servizo, para garantir a continuidade con outro helicóptero que cumprira as condicións do contrato.

Segundo a denuncia da CIG isto supón un claro incumprimento do contrato xa que segundo os pregos a concesionaria ten que ter un helicóptero medicalizado en



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 12:01:04
Nº Rexistro: 42438
Data envío: 10/10/2022 12:01:04.912

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense os 365 días do ano. Denuncian tamén que non é a primeira vez que se produce, e que a empresa tampouco garante que estean a dispor na aeronave medios como parches para desfibrilar ou outro material funxible que sempre levan a mínimos.

Que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario urxente de calidade é unha preocupación constante do BNG. Levamos anos demandando o dimensionamento preciso, tanto en dotación, persoal e recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias porque é un servizo vital na cadea asistencial e o servizo é deficitario.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferencia entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o prognóstico e a supervivencia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Realizar un seguimento continuo e rigoroso do cumprimento dos contratos de transporte sanitario urxente, tanto aéreo como terrestre, para garantir a calidade precisa na asistencia as emerxencias sanitarias

2.- Abrir expediente á empresa Eliance, concesionaria do transporte sanitario urxente aéreo con base en Ourense, polo incumprimento das condicións establecidas no contrato de ter un helicóptero medicalizado os 365 días do ano.



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 12:01:04
Nº Rexistro: 42438
Data envio: 10/10/2022 12:01:04.912

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Presentar no Parlamento Galego, no actual período de sesións, un informe detallado co resultado de realizar unha inspección xeralizada no transporte sanitario urxente, tanto aéreo como terrestre, de comprobación do cumprimento das condicións establecidas nos contratos e das condicións en que están a prestar o servizo.

4.- Dotar de de ambulancias de SVA ás zonas deficitarias: provincia de Ourense, Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, montaña de Lugo... de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia."

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputadas do G.P. do BNG
**Olalla Rodil Fernández**
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2022 11:43:59**

**Iria Carreira Pazos na data 10/10/2022 11:44:13**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández  na data 10/10/2022 11:44:25**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 16:30:44
Nº Rexistro: 42463
Data envio: 10/10/2022 16:30:44.616

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Verea Fraiz, Elena Candia López, Jose Manuel Balseiro Orol, Daniel Vega Pérez, José Manuel Rey Varela, Maria Begoña Freire Vázquez, Adrian Pardo López, Paula Prado del Rio, Jose Alberto Pazos Couñago e Marisol Díaz Mouteira** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo **trámite de urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

*A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.*

**Exposición de Motivos:**

No marco enerxético actual, o impulso ás enerxías renovables converteuse nun asunto prioritario e estratéxico para evitar escenarios de dependencia doutras fontes e para reducir os elevados custos que padecen a cidadanía e a industria do noso país.

En Galicia apostouse sempre por un modelo eólico ordenado, garantista, sustentable e respectuoso co noso territorio, compaxinando medidas de axilidade administrativa co respecto por todas as garantías ambientais, legais e técnicas que as normativa estatal e autonómica ofrecen, tanto para os promotores dos proxectos como para o conxunto da sociedade. De feito, a comunidade galega achegou o 14,8% da xeración renovable do noso pais en 2021, ocupando o segundo lugar tras Castela e León.

Sen embargo, o desenvolvemento da enerxía eólica terrestre viuse condicionada polos prazos establecidos polo Goberno central no Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, que establece a obrigatoriedade de que os promotores acrediten o cumprimento duns determinados fitos administrativos nunhas datas estipuladas nesta norma. Un feito que en Galicia supuxo recibir 144 novas solicitudes de tramitación de parques eólicos nun breve prazo de tempo, que suman un total de 4.095,30 MW, o que equivalería a case duplicar a potencia actual instalada.

O temor dos promotores a perder os permisos de acceso e conexión que dispoñían derivou na presentación dun gran número de proxectos sen o grao de detalle e estudo

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que este tipo de actuacións requiren, xerando unha gran alarma social e o rexeitamento dunha tecnoloxía sobre a que ata ese momento dispoñía dun consenso maioritario.

Esta esixencia imposta desde o Ministerio provoca que na actualidade 125 proxectos eólicos, cunha potencia instalada de 3.522,14 MW, corran o risco de perder os seus permisos de acceso e conexión se non obteñen a Declaración de Impacto Ambiental antes do 24 de xaneiro de 2023, a pesar dos esforzos realizados pola Administración Autonómica para abordar a tramitación destes proxectos en tempo e forma (importante reforzo de persoal nos centros directivos implicados e adopción de medidas lexislativas que simplifican os procedementos mantendo todas as garantías ambientais).

Algúns destes parques están vinculados a contratos de compravenda de enerxía con industrias galegas e que son necesarios para garantir a súa competitividade, como é o caso de Alcoa (San Cibrao), Sentury (As Pontes) ou Showa Denko (A Coruña), entre outras. Polo tanto, resulta imprescindible que o Goberno central - a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico -, promova unha nova ampliación dos prazos sinalados na Real Decreto-lei 23/2020 que permita saír adiante aqueles proxectos ben deseñados, traballados e positivos para Galicia poidan saír adiante.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a unha ampliación dos prazos sinalados na Real Decreto-lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables que proporcionen oportunidades para mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas e a competitividade da industria galega."

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 10/10/2022 16:21:53**

**Cristina Sanz Arias na data 10/10/2022 16:22:41**

**José Antonio Armada Pérez na data 10/10/2022 16:23:19**

**Pardo López, Adrián na data 10/10/2022 16:23:35**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 16:30:44
Nº Rexistro: 42463
Data envio: 10/10/2022 16:30:44.616

grupo parlamentario popular de galicia

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 10/10/2022 16:25:00**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 10/10/2022 16:25:04**

**Borja Verea Fraiz na data 10/10/2022 16:25:41**

**María Elena Candia López na data 10/10/2022 16:25:44**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 10/10/2022 16:26:22**

**Daniel Vega Pérez na data 10/10/2022 16:26:27**

**José Manuel Rey Varela na data 10/10/2022 16:26:54**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 10/10/2022 16:26:57**

**Paula Prado del Río na data 10/10/2022 16:28:07**

**José Alberto Pazos Couñago  na data 10/10/2022 16:28:09**

**María Sol Díaz Mouteira  na data 10/10/2022 16:28:45**

**Pedro Puy Fraga na data 10/10/2022 16:28:48**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 13:01:50
Nº Rexistro: 42060
Data envio: 30/09/2022 13:01:50.837

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a administración do Estado como a Xunta están ocupando de maneira ilegal o dominio público marítimo terrestre na Xunqueira do Alba, no concello de Pontevedra. Ningunha das instalacións alí existentes neste espazo natural, declarado ENIL no ano 2012, ten concesión en vigor, tal como se informou nunha resposta parlamentar do goberno central ao BNG.

No caso da administración do Estado, está ocupando de maneira ilegal parte do ENIL e o dominio público coas edificacións e instalacións da Dirección Xeral de Tráfico (Centro de Exames de Conducir), Parque Móvil do Estado e Dirección Xeral de Protección da Costa e do Mar. En relación con esta materia, o BNG xa presentou no Congreso iniciativas dirixidas ao goberno central.

No que atinxe á administración autonómica, está ocupando de maneira ilegal dúas parcelas do dominio público marítimo terrestre, xa que as concesións remataron no ano 2018 e non se solicitou ningunha prórroga. A Axencia Galega de Infraestruturas ten alí unha edificación e unha zona de estacionamento e depósito de materiais pertencente ao Centro de Conservación e Vialidade Invernal. A Consellaría de Medio Rural ten tamén unha edificación de talleres e base de bombeiros forestais, que segundo información dada polo Director Xeral de Defensa do Monte en sede parlamentar van ser



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

substituídos por ubicacións alternativas previstas en Botos (Lalín) e no Campiño (Pontevedra).

Mentres a Deputación de Pontevedra está a levar a cabo un ambicioso proxecto de rexeneración ambiental do espazo ocupado polo parque de maquinaria e da imprenta provincial, con un investimento de máis de 3,6 millóns de euros, nada se sabe das previsións, prazos e investimentos da Xunta para deixar libres os espazos do ENIL, levar a cabo a demolición das edificacións e rexenerar o espazo.

Tendo en conta a próxima tramitación dos orzamentos autonómicos do 2023, estamos diante dunha grande oportunidade para comezar a cumprir a lei, para respectar o dominio público marítimo terrestre e para gañar un gran espazo verde e de lecer nun ámbito que a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde considera de interese prioritario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Respectar o dominio público marítimo terrestre, o ENIL da Xunqueira do Alba e os humidais inventariados e, en consecuencia, desenvolver un plan para o traslado das instalacións e a rexeneración ambiental do espazo que ocupan.

2. Elaborar os proxectos das novas instalacións, de derrubo das actuais e de rexeneración ambiental da zona, incluíndo nos orzamentos do 2023 e 2024 unha dotación orzamentaria de cando menos 3,5 millóns de euros."

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2022



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2022 13:00:54**

**Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2022 13:01:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2022 13:01:11**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 16:39:53
Nº Rexistro: 42073
Data envio: 30/09/2022 16:39:53.963

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Moiśes Rodríguez Pérez**, **Teresa Egerique Mosquera, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

A cidade de Tui posúe un rico patrimonio cultural que ten os seus principais expoñentes na catedral de Santa María e no seu conxunto histórico, o segundo en superficie de Galicia. Pero o legado histórico que conserva a cidade miñota se expresa noutras manifestacións, como é o caso do legado procedente da presenza na cidade dunha comunidade xudía, ata 1492, e de sefardís logo do decreto de expulsión dos xudeus.

A principal expresión patrimonial da presenza de comunidades sefardís ou criptoxudias ou tamén chamados “cristiáns novos” é a colección de Sambenitos da Catedral de Tui, actualmente exhibidos nos Museos Diocesano e Catedralicio tudenses. Os sambenitos de Tui son os únicos que se conservan en Europa.

O sambenito é a denominación do hábito penitencial que portaban os condenados (tanto os “reconciliados” coma os “relaxados”) polo Tribunal da Inquisición, pero dende 1561 se estableceu a obrigatoriedade de colgar un “sambenito” na igrexas onde residía o reo unha vez rematado o cumprimento da pena. Deste xeito se conservaba a memoria da condena e a infamia sobre os descendentes do penado.

Os sambenitos de Tui forman un conxunto de cinco lenzos que conteñen 14 penitenciados entre os anos 1617 e 1619 e que corresponden a membros das familias Coronel, Saravia e Méndez acusados de manter prácticas ou costumes xudaizantes. Destacan os que corresponden a Antonia Henriquez e o seu fillo Duarte Coronel, fuxidos da acción inquisitorial e condenado a ser queimados (ou “relaxados”) en estatura, figurando o seu rostro ardendo.

Estes lenzos estiveron colocados nas paredes da Catedral tudense, posiblemente ata a desaparición da Inquisición nas primeiras décadas do século XIX. Foron redescubertos no ano 1987 e restaurados posteriormente para a exposición “Sefardismo en Galicia” no ano 1998. Dende aquela son exhibidos no Museo Diocesano de Tui, e ultimamente dous dos lenzos se poden contemplar no Museo Catedralicio tudense.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 16:39:53
Nº Rexistro: 42073
Data envio: 30/09/2022 16:39:53.963



Mais aló do seu valor histórico e a súa significación, esta colección de sambenitos da catedral de Tui posúe un carácter excepcional e único que parece facelos merecedores da máxima protección legal recollida na lei de patrimonio cultural de Galicia.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia sinala, no seu artigo 1.2. que o *patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo*.

Aquele bens mais sobranceiros poderán ser obxecto da declaración de Bens de Interese Cultural (BIC) con tres categorías: inmobles, mobles e inmateriais. Sobre os BIC o artigo 8 establece que *terán a consideración de bens de interese cultural aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido nesta lei.*

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei :

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar os estudos pertinentes que permitan determinar se a colección de sambenitos da catedral de Tui posúe valor sobranceiro, tal e como se establece na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, como paso necesario para poder iniciarse un expediente de incoación de Ben de Interese Cultural".

Santiago de Compostela, 29 de setembro 2022.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 16:39:53
Nº Rexistro: 42073
Data envio: 30/09/2022 16:39:53.963

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/09/2022 16:35:17**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/09/2022 16:35:42**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 30/09/2022 16:35:59**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/09/2022 16:36:16**

**Gómez Salgado, Carlos na data 30/09/2022 16:36:37**

**José Luis Ferro Iglesias na data 30/09/2022 16:36:47**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2022 16:37:16**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 30/09/2022 16:37:30**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 16:51:19
Nº Rexistro: 42076
Data envio: 30/09/2022 16:51:19.273

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Adrian Pardo López, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Vázquez Freire, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

**Exposición de Motivos:**

O transporte interurbano de Galicia é un dos mellores do Estado como así o acredita o gran incremento de usuarios que tivo durante os últimos anos.

Unha desas liñas que tivo un gran incremento no seu uso foi a que une Betanzos coa Coruña pasando por Guísamo.

Unha liña que se ve afectada no cumprimento dos seus horarios en gran parte debido aos atascos que se producen a altura da obra da rotonda de Sol y Mar no concello de Oleiros.

Debido as circunstancias das obras desta rotonda na N-VI que teñen un prazo de execución de case tres anos parece necesario buscar unha alternativa para mellorar a fluidez do tráfico en especial do transporte colectivo, como é o caso dos buses interurbanos que teñen nese tramo da N-VI un paso obrigado para chegar a cidade da Coruña.

Estamos a falar dunha demanda de milleiros de usuarios do transporte interurbano que se se ven moi prexudicados polos atascos producidos pola obra.

A mellor alternativa para lograr isto parece a habilitación temporal dun carril bus que permita que o transporte interurbano non se vexa prexudicado polas numerosas retencións que veñen producidas por ditas obras.

*"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para a habilitación dun carril bus temporal a altura de Sol y Mar no concello de Oleiros".*

Santiago de Compostela, 30 de setembro 2022.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 16:51:19
Nº Rexistro: 42076
Data envio: 30/09/2022 16:51:19.273

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/09/2022 16:47:53**

**Pardo López, Adrián na data 30/09/2022 16:48:37**

**Carmen María Pomar Tojo na data 30/09/2022 16:48:48**

**Ramón Carballo Páez na data 30/09/2022 16:48:58**

**José Manuel Balseiro Orol na data 30/09/2022 16:49:16**

**María Sol Díaz Mouteira na data 30/09/2022 16:49:30**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 16:51:19
Nº Rexistro: 42076
Data envio: 30/09/2022 16:51:19.273

grupo parlamentario popular de galicia

**María Belén Salido Maroño na data 30/09/2022 16:49:44**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 30/09/2022 16:49:55**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 30/09/2022 16:50:06**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Adrián Pardo López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodriguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.**

O pasado mes de xullo, cumpríanse 25 anos do cruel asasinato do concelleiro popular de Ermua, Miguel Ángel Blanco.

Un asasinato que foi un punto de inflexión na reacción social contra o terrorismo de ETA, dando lugar ao nacemento do Espírito de Ermua.

Unha resposta social que se uniu en torno a unha mensaxe: memoria, dignidade e xustiza.

É importante recordar a Miguel Ángel Blanco e aos máis de 800 asasinados pola banda terrorista ETA.

Por iso, 25 anos despois do cruel asasinato do concelleiro de Ermua, resultan preocupantes algúns datos recentes de distintos estudos sociolóxicos onde se amosa que case o 60% da mocidade descoñece quen foi Miguel Ángel Blanco, que case o 95% dos españois descoñece o número de vítimas de ETA ou que o 70% da sociedade descoñeza que Ortega Lara foi o secuestro máis longo perpetrado pola banda terrorista.

No pleno do Parlamento de Galicia do pasado 13 de xullo, todos os grupos parlamentarios apoiaban unha declaración institucional onde se reclamaba entre outras cousas o compromiso de todas as administracións públicas para que o legado da memoria de Miguel Ángel Blanco e de todas as vítimas de ETA non caia no esquecemento.

Por iso, faise necesario unha implicación por parte de todas as institucións no mantemento da memoria das vítimas do terrorismo, pois como finalizaba a declaración

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 17:01:53
Nº Rexistro: 42078
Data envio: 30/09/2022 17:01:53.379

institucional "cada un deses homes e mulleres forman parte imprescindible da historia do noso país. Para todas e todos eles reclamamos: memoria, dignidade e xustiza".

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para realizar as accións oportunas para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA, en especial entre a mocidade".

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 17:01:53
Nº Rexistro: 42078
Data envio: 30/09/2022 17:01:53.379

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/09/2022 16:57:55**

**Pardo López, Adrián na data 30/09/2022 16:58:22**

**Paula Prado del Río na data 30/09/2022 16:58:33**

**José Manuel Rey Varela na data 30/09/2022 16:58:51**

**María Sol Díaz Mouteira na data 30/09/2022 16:59:36**

**José Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2022 16:59:48**

**Noelia Pérez López na data 30/09/2022 17:00:00**

**Ana Belén García Vidal na data 30/09/2022 17:00:27**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2022 17:00:51**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Adrián Pardo López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodriguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.**

O pasado mes de xullo, a Xunta en colaboración coa Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA – Ucraína) firmaban un acordo de colaboración onde a Xunta cofinanciará o 95% do coste total do alugueiro de camións.

Entre as accións previstas destacan a identificación dos produtos de primeira necesidade máis solicitados, en colaboración coas Organizacións Non Gobernamentais (ONGs) que actúan no territorio, e a solicitude de axuda de produtos básicos á poboación galega, coa creación de puntos de entrega.

Tras a compilación, as doazóns trasladaranse aos almacéns centrais e prepararanse os envíos e transporte nos camións para a súa entrega ás ONGs locais, que serán quen as distribúa.

A sociedade civil ucraniana é a principal vítima do desabastecemento provocado pola invasión rusa.

Tras máis de seis meses de conflicto, as asociacións alertan de que as axudas minguaron co paso dos meses, por iso é imprescindible seguir colaborando con asociacións como AGA – Ucraína nacida en Galicia da man de ucranianos residentes na nosa autonomía e de voluntarios galegos que se constituiron como asociación co fin único de axudar a poboación ucraniana.

Unha asociación que permitiu o envío de 16 camións cun total de 240 toneladas de subministracións básicas desde o inicio do conflito.

O acordo de colaboración entre a Xunta e AGA – Ucraína súmase a outras actuacións de apoio desenvolvidas dende o comezo do conflito bélico como pode ser á activación dos convenios para a actuación de emerxencia con Farmacéuticos Mundi e UNICEF,



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

que permitiron a atención específica a mulleres e menores cun financiamento de 40.000 euros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir poñendo en valor as medidas de apoio ao pobo ucraniano como por exemplo o acordo de colaboración presentado o pasado mes de xullo coa asociación AGA – Ucraína.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2022 17:26:36
Nº Rexistro: 42081
Data envio: 30/09/2022 17:26:36.283

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/09/2022 17:10:14**

**Pardo López, Adrián na data 30/09/2022 17:10:30**

**Paula Prado del Río na data 30/09/2022 17:10:43**

**José Manuel Rey Varela na data 30/09/2022 17:10:59**

**María Sol Díaz Mouteira na data 30/09/2022 17:11:35**

**José Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2022 17:11:53**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/09/2022 17:12:23**

**Ana Belén García Vidal na data 30/09/2022 17:12:58**

**Noelia Pérez López na data 30/09/2022 17:13:14**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 10:34:25
Nº Rexistro: 42085
Data envío: 03/10/2022 10:34:25.655

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as necesidades de mellora do transporte na liña A Coruña-Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

a outros concellos da zona ten sufrido unha notábel merma na calidade do servizo dende a última adxudicación, co consecuente cambio de empresa como responsábel de prestar o mesmo nas liñas correspondentes á Coruña - Betanzos e A Coruña – Ferrol.

As dúas liñas rexistran queixas constantes e recorrentes, polos mesmos motivos (falta de prazas, información nula ou deficiente, frecuencias ...), a pesar de que a Xunta de Galiza anunciou melloras e reforzos en varias ocasións que na práctica non solucionaron a problemática.

Na liña A Coruña - Betanzos, a veciñanza deixa de usar o servizo por non ter unha referencia clara nas frecuencias que, no entanto, si tiñan con anterioridade, o que afecta sobre todo á poboación de maior idade, que, deste xeito, se podía desprazar, por exemplo, ao centro de saúde, con autonomía, e tamén ás persoas que se desprazan a traballar ao polígono industrial a diario dende outras localidades; ademais, nas paradas non contan con ningún tipo de información e a que facilita a páxina web habilitada a tal efecto non se corresponde coa realidade, chegando nalgún caso a agardar o paso dun autobús durante máis de 45 minutos.



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na mesma liña, utilizada polo estudantado que acode aos institutos a Betanzos, centros de referencia para o alumnado de Bergondo que remata a ESO, o horario dos autobuses non está acorde ás súas necesidades, como si estaba no pasado, tendo que agardar ata unha hora ás portas do centro ata que este abre, á intemperie no inverno, ou chegar tarde á clase a cotío, incumprindo as normas de centro. Consecuentemente, a problemática afecta tamén á conciliación da vida laboral e familiar, xa que os proxenitores se ven obrigados a ter que levalos no coche particular.

O mesmo pasa co alumnado que cursa os ciclos formativos no CFEA de Guísamo que provén doutras localidades. Vense obrigados a utilizar o coche particular ao non ter horarios acordes, coa problemática derivada da falta de espazo na zona para aparcar a cantidade de vehículos diarios que acoden ao centro.

Asemade, estanse a dar casos nos que nalgunhas viaxes, sobre todo no horario de mediodía, coincidindo co remate das clases principalmente, quedan persoas sen poder viaxar por falta de prazas; nas últimas ocasións, temos constancia de quedar en terra ata 14 persoas. Cónstanos tamén que nalgunha ocasión se ten requirido a presenza das forzas de seguridade para que tomasen nota do sucedido debido ao malestar das persoas usuarias que sofren esta problemática a miúdo, e da negativa por parte da empresa de poñer reforzo.

No tocante á liña A Coruña - Ferrol que pasa polo municipio de Bergondo, a problemática reside fundamentalmente no estudantado que acode á universidade, á cidade departamental, quen, para regresar á súa casa rematadas as clases da maña, teñen que agardar, nalgún caso, ata tres horas, para ter un autobús que os traia de volta.

En datas pasadas a Xunta anunciaba un reforzo da liña, sen embargo isto non solucionou a problemática, xa que o reforzo se efectuou na liña directa entre cidades, non así na liña que efectúa paradas intermedias ao longo dos pobos polos que discorre o



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 10:34:25
Nº Rexistro: 42085
Data envio: 03/10/2022 10:34:25.655

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traxecto, caso de Bergondo, e que tamén afecta a outras localidades das Mariñas, Eume e Ferrol.

Esta problemática delata que a Xunta vai na dirección contraria a respecto de procurar alternativas de mobilidade colectiva que promovan a redución do tráfico, a contaminación, e o aforro enerxético.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta a levar a cabo as accións precisas para modificar as frecuencias da liña de autobús A Coruña - Betanzos, e recuperar as mesmas coas que se contaba con anterioridade á última adxudicación."

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Paulo Ríos Santomé**
Deputada e deputado do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 03/10/2022 10:26:35**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 10:34:25
Nº Rexistro: 42085
Data envio: 03/10/2022 10:34:25.655

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 03/10/2022 10:26:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2022 10:27:04**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á protección de humidais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o rexime xurídico e se crea o Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010) establecen o marco para refomular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non están protexidos nin contan con instrumentos de conservación e xestión. Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrido, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Parque das Illas Atlánticas), sen que nos últimos 26 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).

- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superfice de 34.441 ha (48,8%)

- Humidais subterráneos: 7 (o,6% do total), superficie de 0,6 ha

- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), supercie de 15.965,8 ha (22,7%)

Do total dos humidais, 380 están incluidos total ou parcialmente e 751 están excluidos da Rede Natura, de maneira que unha grande parte non contan con figuras



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:50:39
Nº Rexistro: 42102
Data envio: 03/10/2022 11:50:39.524

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

específicas de protección. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a esixencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Por outra parte, existe un problema no acceso á información sobre os humidais, sobre todo a partir da desaparición en 2016 do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB), polo que non existe ningún enderezo web no que se poida acceder de maneira directa á información sobre os humidais que integran o Inventario de humidais de Galiza. E no Inventario Español de Zonas Húmidas, non aparecen os humidais de Galiza.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IDADER  ("Conservación e xestión de humidais"), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación "malo", 11 teñen un estado "moi malo" (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación "crítico". A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de "humidais protexidos" e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na Lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos "espazos naturais protexidos" a categoría de "zona húmida protexida" e prevese que se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Recentemente o Consello da Xunta aprobou o Plan Hidrolóxico Galiza Costa para o período 2021-2027, que inclúe entre as medidas a adoptar a protección dos humidais incluídos no Inventario, así como outras zonas húmidas de interese. Cómpre polo tanto actuar de xeito áxil para garantir a protección destes espazos, que están ameazados por diversos proxectos de explotación industrial dos montes galegos. E ademais é necesario que os dous departamentos da Xunta con competencias na materia, Augas de Galicia e Patrimonio Natural, actúen de maneira coordinada para garantir tanto a protección legal, a inclusión no rexistro oficial e o o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración de zonas húmidas degradadas ou deterioradas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Desenvolver as medidas legais necesarias para garantir a protección efectiva dos humidais incluídos no Inventario de humidais de 2003 e levar a cabo unha actualización e ampliación que teña en conta a nova información dispoñíbel e as achegas de colectivos cidadáns e ecoloxistas.

2. Desenvolver a partir do ano 2023 un plan integral de conservación e recuperación dos 1.131 humidais do "Inventario de humidais de Galicia", con especial atención a aqueles que están nunha situación "deficiente", segundo se



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deriva do estudo publicado polo IBADER no ano 2017. Este plan dará prioridade á conservación e recuperación das turbeiras e das demais zonas húmidas declaradas de interese prioritario.

3. Impulsar no prazo máximo de seis meses a declaración de "zonas húmidas protexidas" e a ampliación da listaxe de humidais de importancia internacional (RAMSAR), tomando como referencia a proposta do IBADER recollida na publicación "Conservación e xestión de humidais" (2017).

4. Desenvolver un programa de educación ambiental para poñer de relevo os valores das zonas húmidas e a importancia da súa boa conservación.

5. Poñer en marcha o "Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade" previsto na lei 5/2019."

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 03/10/2022 11:48:09**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé  na data 03/10/2022 11:48:14**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 03/10/2022 11:48:23**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:27:52
Nº Rexistro: 42118
Data envio: 03/10/2022 12:27:52.459

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o campo de fútbol de Mirallos en Moraña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Medio Ambiente, a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Moraña asinaron no ano 2019 un convenio para a reforma do campo de fútbol de Mirallos (Moraña), unha actuación que recibiu o curioso título de "Equipamento municipal de ocio nas instalacións de Mirallos-Moraña". O convenio prevé un investimento de 514.000 euros.

Logo dunha primeira adxudicación da obra en maio de 2020, e despois da colocación do cartel das obras en vésperas das eleccións autonómicas de 2020, o proxecto non chegou a realizarse debido a dificultades da empresa adxudicataria.

No ano 2021 iniciouse un novo procedemento de contratación, sen ningunha modificación do proxecto, que desta vez foi adxudicada no mes de xuño á empresa Obras Gallaecia en 451.319 euros. No proceso de licitación da obra chama moito a atención que só se presentase unha oferta, a da empresa adxudicataria.

As obras deron comezo na segunda metade do ano 2021 coa demolición da bancada mais de novo se viron paralizadas debido a complicacións técnicas e a



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

supostos problemas da empresa construtora. Logo de 6 meses de parálise, a comezos de 2022 anunciouse que a obra estaba parada pola suba dos prezos dos materiais e tamén debido ás dificultades no subministro.

Tendo en conta esta situación, tramitouse un modificado do proxecto, reducindo algunhas partes da obra e ampliando outras, con un incremento do custo de 67.246 euros, até os 518.565 euros. Logo da aprobación polo concello no mes de xuño, o proxecto técnico modificado foi aprobado pola xefatura territorial de Pontevedra da consellaría de Medio Ambiente o 1 de xullo de 2022. Na resolución de aprobación estableceuse como data de remate das obras o 26 de decembro de 2022.

Malia os anuncios ao respecto, a realidade é que o ritmo de execución da obra é moi lento, con escaso persoal e actividade discontinua. Tanto estas circunstancias como as dificultades que está a ter a empresa adxudicataria na execución doutras obras fai que as previsións de remate en prazo non sexan moi optimistas.

Por outra parte, o transcurso de máis de tres anos desde o inicio do proxecto, o abandono das instalacións, a falta de mantemento e o desenvolvemento discontinuo dos traballos provocou importantes desperfectos no terreo de xogo, polo que será necesario un importante investimento unha vez rematadas as obras actualmente en execución.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta a:



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:27:52
Nº Rexistro: 42118
Data envio: 03/10/2022 12:27:52.459

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Actuar coa máxima transparencia e dar información detallada sobre as razóns do retraso e sobre o desenvolvemento das obras de reforma do campo de fútbol de Mirallos (Moraña).

2. Axilizar a execución das obras de reforma do campo de fútbol de Mirallos (Moraña) para garantir o remate das mesmas no presente ano 2022.

3. Elaborar un proxecto de acondicionamento do terreo de xogo e colaborar na execución da obras para que o campo poida ser utilizado polo Moraña CF no inicio da tempada 2023-2024."

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputados do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2022 12:25:15**

**Daniel Castro García na data 03/10/2022 12:25:20**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:27:52
Nº Rexistro: 42118
Data envio: 03/10/2022 12:27:52.459

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 03/10/2022 12:25:39**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 16:40:10
Nº Rexistro: 42137
Data envío: 03/10/2022 16:40:10.218

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O 10 de maio o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda Valenzuela, no seu discurso de investidura fixo varios anuncios sobre política fiscal manifestando literalmente que nestes momentos, que toca facer a declaración da Renda, cada galego está a aforrar unha media de 403 euros grazas ás rebaixas aprobadas pola Xunta de Galicia, ao tempo que anunciou que para o exercicio 2023 vaise reducir o tramo do IRPF do 9,4 % ao 9 % e cuantificou o aforro en impostos das familias galegas dende 2009 en 1.200 millóns de euros que foron empregados en mellorar a súa calidade de vida.

O 23 de setembro o presidente da Xunta de Galicia anunciou no foro económico da Voz de Galicia e Abanca que o Goberno galego, sumándose ás medidas adoptadas por outras comunidades autónomas gobernadas polo PP, elevará do 25 ao 50 % a bonificación do Imposto sobre o Patrimonio a partir do ano 2023, beneficiando aos case 7.700 galegos e galegas máis ricos do noso país, medida que vai supoñer a perda duns 34 millóns de euros de recadación por este imposto.

E na comparecencia do Presidente da Xunta no pleno do Parlamento galego do día 27 de setembro, este ratificaba este anuncio ao tempo que anunciaba unha deflactación do IRPF nos tramos impositivos de ata 35.000 euros que van supoñer o aforro duns 46 euros por persoa. É dicir, que estas medidas van supoñer unha baixada duns 46 euros nos tramos máis baixos do IRPF fronte aos case 4.500 euros de media para as 7.700 persoas que máis recursos teñen no noso país.

Por outra banda, o presidente Rueda tamén anunciaba que as familias con 2 fillos terán o mesmo trato fiscal que as familias numerosas, é dicir, unha dedución duns 250 euros no tramo autonómico do IRPF, medida que non discrimina por ingresos familiares, o que supón unha medida que volta a beneficiar ás familias que contan con máis recursos na mesma medida que aquelas que máis problemas teñen para chegar a fin de mes.

Todos estes anuncios revelan, unha vez máis, a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia, que favorece aos que máis teñen, aínda que isto supoña unha perda de ingresos nas arcas autonómicas para poder facer unha redistribución da riqueza e

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 16:40:10
Nº Rexistro: 42137
Data envío: 03/10/2022 16:40:10.218

axudar aos fogares que máis o precisan, fundamentalmente nuns momentos de crecemento dos prezos e cando Galicia experimenta incrementos do IPC máis elevados que a media do Estado.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

1ª) Retire estas propostas fiscais do proxecto de orzamentos para 2023.

2ª) Elabore un estudo sobre os beneficios fiscais aprobados pola Xunta de Galicia de cada un dos anos nos que gobernou o Sr. Núñez Feijóo, que reflicta o impacto económico e social de cada medida en cada ano e que estableza a que tipo de familias ten favorecido.

3ª) Convoque inmediatamente unha mesa de traballo, na que estean presentes todos os representantes económicos e sociais, así como os grupos parlamentarios para acordar unha política fiscal que garanta unha redistribución da riqueza no noso país.

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/10/2022 12:40:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 03/10/2022 12:40:16**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2022 12:40:28**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 16:58:47
Nº Rexistro: 42141
Data envio: 03/10/2022 16:58:47.802

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Julio Torrado Quintela,Marina Ortega Otero e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

O martes día 14 se desenvolveu a novena xuntanza da mesa negociadora do convenio do siderometal de Ourense, na que se acordou unha proposta conxunta das tres organizacións sindicais, que lle fixeron chegar á patronal que alegou que tiña que estudiala e non presentou contraproposta.

Tras un proceso negociador de máis de nove meses, varias plataformas e nove xuntanzas, a mesa semella rachada e esgotada, xa que as patronais non aceptan o lexítimo dereito de que a subida dos prezos repercuta no salario dos traballadores e das traballadoras.

A xornada anual, do convenio do siderometal de Ourense é a máis alta de Galicia, no ano 2022, a xornada en cómputo anual 1784 horas e no referente aos salarios, os máis baixos de toda a comunidade. Concretamente un -13.71 % que na provincia de Pontevedra e un -17.36 % que na provincia de A Coruña.

Ante esta situación os traballadores e traballadoras convocaron unha asemblea que se celebrou o 20 de setembro e acordaron convocar folga para o 28 e o 29 de setembro de forma case que unánime, que será indefinida a partir do 5 de outubro.

A patronal segue inamovible na súa última proposta de incrementar o 4 % anual para os exercicios 2022, 2023 e 2024. Proposta que non foi presentada na mesa negociadora e foi comunicada ás organizacións sindicais vía correo electrónico nos últimos dias de maio.

Ademais, négase a que os aumentos poidan ser revisados ao remate do ano conforme o IPC. Os sindicatos coidan imposible aceptar estas cantidades, xa que condenarían a clase traballadora a unha desvalorización salarial inasumible para poder manter unhas condicións de vida dignas.

Manifestan os sindicatos, argumento que comparte o Grupo Parlamentario Socialista que cunha inflación desbocada que fai o día a día moi difícil para

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

moitas familias só hai dúas vías de traballo para afrontar a recuperación en termos de equidade e xustiza para o conxunto da poboación, preservar o poder de compra dos salarios e acometer por parte das administracións políticas ambiciosas que garantan que, tras a crise sanitaria e as consecuencias da guerra en Ucraína, non quede ninguén atrás.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, realice as actuacións oportunas de cara a desbloquear a folga convocada no sector do siderometal da provincia de Ourense.

Pazo do Parlamento, 3 de outubro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/10/2022 16:53:55**

**Julio Torrado Quintela na data 03/10/2022 16:54:06**

**Marina Ortega Otero na data 03/10/2022 16:54:15**

**Eduardo Ojea Arias na data 03/10/2022 16:54:26**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 16:58:47
Nº Rexistro: 42141
Data envio: 03/10/2022 16:58:47.802

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2022 16:54:34**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 17:11:23
Nº Rexistro: 42146
Data envío: 03/10/2022 17:11:23.441

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

**Exposición de motivos**

A desaceleración do crecemento económico na economía española e na galega prodúcese nun escenario de crecemento de prezos, incremento de tipos de interese e crise enerxética nun contexto internacional marcado pola guerra de Ucraína. As empresas galegas deben facer fronte a un novo escenario económico que implica maiores dificultades, especialmente cando a inflación en Galicia é superior á do conxunto do Estado. De feito, neste contexto estímase que cada mes hai 100 autónomos menos en Galicia e que a creación de empresas en Galicia caeu un 33% no último ano, máis do dobre que en España, sendo a comunidade autónoma na que máis caeu a creación de empresas de toda España.

Nun recente informe de Cepyme, estímase que as empresas galegas tardan en media 83,5 días en pagar as súas facturas, reducíndose este período en 2,4 xornadas no último ano, pero aínda moi por riba dos niveis legais e economicamente desexables para o noso tecido produtivo. Resulta evidente que nun tempo de política monetaria restritiva con maiores custes para o financiamento, moitas empresas galegas afrontan maiores dificultades financeiras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, ante as dificultades derivadas da crise enerxética, incremente os custes e a suba de tipos de interese, aprobe un plan de apoio extraordinario para o tecido empresarial galego que fomente o autoemprego, a xeración de empresas e o asentamento de Pemes e industrias

Pazo do Parlamento, 3 de outubro do 2022

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 17:11:23
Nº Rexistro: 42146
Data envio: 03/10/2022 17:11:23.441

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 03/10/2022 17:06:56**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/10/2022 17:07:06**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2022 17:07:17**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 11:08:32
Nº Rexistro: 42168
Data envío: 04/10/2022 11:08:32.027

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

O Concello de Bueu non é alleo á situación de colapso na que se atopa a atención primaria en Galicia o que está a provocar un grave prexuízo á cidadanía.

Este concello ten unha poboación de arredor de 12.000 habitantes que se triplica en verán e onde o 35 % son maiores de 65 ou menores de 14 anos.

O PAC de Bueu presenta moitísimas carencias que están a provocar un gran agravio e obrigan ás persoas usuarias ao traslado a outros concellos, cunha distancia de aproximadamente 15 quilómetros co Concello de Marín e a 23 quilómetros dos centros de referencia para pediatría (Hospital Provincial) e para as diferentes especialidades (Hospital Montecelo).

Entre as eivas más destacables, atópanse as seguintes:

1. Non cobertura de baixas nin vacacións do persoal médico.
2. O servizo de fisoterapia saturado xa que por unha banda se trata dun concello onde unha gran porcentaxe da súa poboación está envellecida tras anos dedicada ao sector primario como a pesca ou a agricultura para o autoconsumo e por outra banda estamos a falar dunha disciplina que utilízase cada día máis nas diferentes patoloxías.
3. Acceso en bus ao hospital de Montecelo. O servizo de autobús supón un servizo de primeira necesidade para permitir o acceso aos servizos sanitarios da poboación buenense.

Este servizo dunha liña directa de autobús xa existe no Concello de Marín polo que só sería necesario ampliar o servizo ao concello limítrofe, evitando así a situación actual na que estas persoas teñen que trasladarse nun bus á estación de autobuses de Pontevedra e alí facer un cambio de autobús a

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

outro que sube ao Hospital de Montecelo, e igual para volver, situación que se agravase aínda máis no caso de persoas con algún grado de dependencia.

Dende o Grupo Socialista defendemos que o Sergas ten que proporcionar unha asistencia sanitaria en igualdade de condicións, independentemente da cor política dos concellos e denunciamos que na actualidade se está a discriminar a algúns galegos e galegas respecto a outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a atención sanitaria no Concello de Bueu, nomeadamente:

1. Cubrir as baixas e vacacións do persoal médico que desempeña funcións no PAC de Bueu.
2. Mellorar as condicións do servizo de fisioterapia incrementando o persoal do mesmo.
3. Ampliar ao Concello de Bueu o servizo de liña directa de autobús que existe entre o Centro Hospitalario de Montecelo e o Concello de Marín.

Pazo do Parlamento, 3 de outubro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 11:08:32
Nº Rexistro: 42168
Data envío: 04/10/2022 11:08:32.027

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Paloma Castro Rey  na data 04/10/2022 11:04:08**

**Julio Torrado Quintela  na data 04/10/2022 11:04:18**

**Marina Ortega Otero  na data 04/10/2022 11:04:26**

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 04/10/2022 11:04:37**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42193
Data envío: 04/10/2022 14:22:58.548

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A Plataforma Sanitaria da Mariña vén de denunciar a situación na que se atopa o servizo de pediatría do centro de saúde de Burela.

Son numerosas xa as reclamacións das familias perante a situación que se está a dar dende hai tempo no centro de saúde de Burela, que non permite garantir unha asistencia pediátrica de calidade.

O Centro de Saúde de Burela está dotado de dous profesionais de pediatría, máis a realidade é, que dende hai tempo, só hai un pediatra, xa que unha das profesionais marchou a outro destino. Polo tanto, só existe unha pediatra no Centro de Saúde de Burela para 1.500 nenos e nenas. Esta situación viuse agravada pola ausencia estes días do pediatra que atende aos nenos dos concellos de Xove e Cervo.

Por iso é necesario que o Sergas dote dun servizo de pediatría completo ao centro de saúde de Burela que remate coa insostible situación que están a vivir as familias, así como tamén a única pediatra que hai a día de hoxe presta servizos nel.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de xeito urxente se cubra a praza de pediatría do Centro de Saúde de Burela para que teña a capacidade asistencial que ten asignada.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2022

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 04/10/2022 11:48:22**

**Julio Torrado Quintela na data 04/10/2022 11:48:40**

**Marina Ortega Otero na data 04/10/2022 11:48:50**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2022 11:49:06**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 17:56:41
Nº Rexistro: 42202
Data envio: 04/10/2022 17:56:41.485

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Carreira Pazos** e deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de impulsar un acordo que garanta a xestión pública do Panteón de Galegos Ilustres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio da Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, alén de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional. Non se trataba naquel momento de constituír un Panteón de Galegos Ilustres, mais esta idea foi tomado corpo desde ese momento.

Tal e como se recolle na publicación do Consello da Cultura Galega, Os símbolos de Galiza, "durante a última ditadura coincidiron diversas circunstancias que permitiron a recuperación da vella idea do Panteón. Como alí se celebraba anualmente a Misa e a ofrenda floral o 25 de xullo, o Dr. Sixto Seco conseguiu do Concello de Santiago de Compostela que se lle encomendara, en canto Presidente do Padroado da Fundación Rosalía de Castro, o coidado do Panteón. Iso explica que foran trasladados a este os restos de Ramón Cabanillas, que Francisco Asorey fora directamente enterrado alí e que, cando se levantou o cemiterio xeral de Santiago, foran trasladados a aquel

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 17:56:41
Nº Rexistro: 42202
Data envio: 04/10/2022 17:56:41.485

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lugar os restos de Domingo Fontán." A este elenco de nomes, sumouse no 1984, o traslado dos restos de Castelao.

Hai, pois, unha institucionalización real –aínda que non formal do punto de vista legal- de San Domingos de Bonaval como o Panteón de Galegos Ilustres. Un espazo civil no que lembrar digna e colectivamente aquelas persoas máis relevantes na historia do pobo galego. Mais esta situación ten mudado de maneira significativa unha vez que se produce unha sentenza insólita, que lle outorga a titularidade deste espazo ao Arcebispado de Santiago de Compostela. Titularidade sobre o espazo, que en ningún caso pode abranguer a tutela dos restos que alí repousan. A decisión dos soterramentos ou traslado de restos que se fixeron ao longo dos anos xustificábase, precisamente, no carácter laico e civil que até o ano pasado tiña este espazo.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo, como recoñecemento dun panteón histórico, símbolo nacional de Galiza. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso público e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas na actualidade. O arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non, converténdoo nun espazo cun acceso pouco visíbel, coa porta principal pechada aos visitantes e dependente da atención, coidado e mantemento que poidan asumir, de forma voluntaria, desde o Museo do Pobo Galego.

Unha situación que desde o BNG consideramos anómala e que desvirtúa o sentido e concepción do Panteón de Galegos Ilustres. É necesario un compromiso e vontade real do Goberno Galego para que o Panteón saia do limbo inexplicábel en que se encontra e recuperar o seu carácter público  e espazo laico que o orixinou. Hai

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fórmulas, tanto legais como no ámbito da negociación, que se poderían utilizar, mais lamentabelmente constatamos que a Xunta, transcorridos varios anos, non quere traballar nesta dirección, condenando un espazo identitario e cultural simbólico como é o Panteón de Galegos Ilustres se siga sumindo na indiferencia, na ocultación e no acceso restrinxido e condicionado polo criterio do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Impulsar un acordo que garanta a a xestión pública do Panteón de Galegos Ilustres co obxecto de asegurar o acceso público.

2. Promover axeitadamente o Panteón de Galegos Ilustres, fomentando a visita e coñecemento deste espazo emblemático, patrimonio do conxunto dos galegos e galegas.

3. Recoñecer o Panteón de Galegos Ilustres como un panteón histórico, símbolo nacional de Galiza.”

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Iria Carreira Pazos**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 17:56:41
Nº Rexistro: 42202
Data envio: 04/10/2022 17:56:41.485

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/10/2022 17:49:07**

**Iria Carreira Pazos na data 04/10/2022 17:49:17**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/10/2022 17:49:28**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 18:03:34
Nº Rexistro: 42207
Data envio: 04/10/2022 18:03:34.931

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martinez, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

**Exposición de Motivos:**

O proxecto da futura Biblioteca Pública do Estado en Vigo implica a participación das tres administracións: o Concello de Vigo,que cede a parcela; o Ministerio de Cultura, que redacta o proxecto, executa a obra civil e dota de equipamento; e a Xunta de Galicia, que recibe o edificio e pasa a xestionalo cos orzamentos propios da Comunidade Autónoma.

Os técnicos da Xunta de Galicia elaboraron hai máis de dous anos un plan de necesidades para a futura biblioteca cunha superficie útil de entre 8.000 e 8.500 m². As dimensións non podían ser inferior posto que, como se explicou en diversas ocasións, Vigo carece dunha rede de bibliotecas municipais e o tamaño medio das bibliotecas construídas polo Ministerio de Cultura é de entre 6.000 e 6.500 m².

A proposta de cesión da parcela realizada inicialmente polo Concello era insuficiente en relación ás necesidades dunha cidade do tamaño de Vigo. Pola contra, o proxecto da Xunta de Galicia permitía dotar á cidade dunha infraestrutura cultural de primeiro nivel. Por iso, xa no mes de outubro de 2020 o Grupo Popular presentou unha proposición non de lei (PNL) na que se solicitaba:

- Por unha banda, que o concello de Vigo realizase coa maior brevidade posible a cesión da parcela para a edificación da futura biblioteca.
- Pola outra, que o Goberno do Estado incorporara xa nos orzamentos de 2021 unha partida específica para iniciar a construción coas características do proxecto da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 18:03:34
Nº Rexistro: 42207
Data envío: 04/10/2022 18:03:34.931



Esta proposición non de lei, que pretendía xa no ano 2020 axilizar os trámites para a creación da nova sede da biblioteca en Vigo, só contou cos votos a favor do Grupo Popular.

Desde entón, avanzouse nalgúns aspectos e así, no mes de marzo de 2022, o Goberno do Estado aceptou, finalmente, a postura da Xunta de facer una biblioteca acorde ás necesidades de Vigo.

En setembro deste ano, o responsable de cultura da Xunta de Galicia, nunha xuntanza co Ministro de Cultura, Miquel Iceta, volveu manifestar a súa preocupación pola Biblioteca de Vigo.

Nestes momentos, o Concello de Vigo é a única administración que non está colaborando para que a cidade conte cunha infraestrutura cultural tan necesaria. Desde o Grupo Popular consideramos prioritario que o Concello, responsable de ceder os terreos onde se edificará a futura biblioteca, realice as xestións oportunas para que o Ministerio de Cultura poida iniciar, canto antes os traballos, seguindo o plan de necesidades elaborado polos técnicos da Xunta de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que lle solicite ao Concello de Vigo que, coa máxima urxencia, poña a disposición do Ministerio de Cultura os terreos para comezar a futura obra da Biblioteca Pública do Estado en Vigo".

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2022.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 18:03:34
Nº Rexistro: 42207
Data envio: 04/10/2022 18:03:34.931

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/10/2022 18:00:44**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/10/2022 18:01:00**

**María Corina Porro Martínez na data 04/10/2022 18:01:10**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 04/10/2022 18:01:22**

**Gómez Salgado, Carlos na data 04/10/2022 18:01:47**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 04/10/2022 18:01:56**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/10/2022 18:02:29**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

**José Luis Ferro Iglesias na data 04/10/2022 18:02:42**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, Rosalía López Sánchez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Súarez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos:**

O Día Internacional das Familias celébrase o 15 de maio de cada ano para crear conciencia sobre o papel fundamental das familias na educación dos fillos desde a primeira infancia, e as oportunidades de aprendizaxe permanente dos fillos desde a primeira infancia, e as oportunidades de aprendizaxe permanente que existen para os nenos e nenas e xóvenes.

A pesar de que o concepto de familia se ten transformado nas últimas décadas, evolucionando de acordo ás tendencias mundiais e os cambios demográficos, as Naciones Unidas consideran que a familia constitúe a unidade básica da sociedade. Neste contexto, o Día Internacional das Familias brinda a oportunidade de recoñecer, identificar e analizar cuestións sociais, económicas e demográficas que afectan a o seu desenvolvemento e evolución.

Unha Galicia máis cohesionada é aquela que acompaña e arroupa ás familias como unidade básica da nosa sociedade. Podemos sentirnos moi orgullosos de formar parte dunha comunidade que se converteu nunha referencia a nivel nacional neste aspecto.

En abril de 2020, fomos os primeiros en facer a escola infantil gratis para os segundos fillos e sucesivos; en febreiro de 2021 fomos os primeiros en aprobar a Lei de impulso demográfico a nivel nacional, para dar resposta á prioridade número 1 da nosa terra; e en setembro de 2022, volveremos ser os primeiros en lograr unha medida sen precedentes en España nin en Europa: a gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos, para todos os fillos, en todas as escolas.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 18:22:51
Nº Rexistro: 42209
Data envio: 04/10/2022 18:22:51.781



A gratuidade da educación infantil axudará á conciliación, por suposto, pero sobre todo ten que ver coa igualdade de oportunidades. Galicia, con esta aposta sen precedentes, apoia a todas as familias, sexan cales sexan as súas características, a facer realidade o seu proxecto de vida en liberdade.

Para iso, no 2022 a Xunta de Galicia inviste en materia de Familia, Infancia e Dinamización demográfica un mínimo de 168,3 millóns de euros. A esta cifra aínda lle hai que agregar o impacto económico da universalización da educación infantil.

En paralelo, as contas da Xunta de Galicia inclúen fondos para manter todas as medidas que levan varios anos acompañando ás familias: Tarxeta Benvida, Bono Coidado ou as Casas Niño.

Neste contexto é fundamentar contar cun marco lexislativo adaptado á realidade actual. É necesario revisar e actualizar a Ley de Protección a las Familias Numerosas xa que data do ano 2003 e non recolle cuestións fundamentais como as custodias compartidas ou a vixencia dos títulos de familia numerosa, o que deixas ás comunidades autónomas nunha situación complicada para regular estas cuestións.

A ministra de Derechos Sociales y Agenda 2030 ven de anunciar, despois de intensas negociacións internas, un acordo no seno do Goberno para a aprobación no mes de setembro no Consello de Ministros da Ley de Diversidad Familiar.

Nunha intervención con motivo do Día Internacional das Familias dicía: *"Me alegra anunciarles que hemos llegado a un acuerdo y tenemos el compromiso de nuestro socio de gobierno para llevar un texto conjunto en septiembre al Consejo de Ministros*".

Sen embargo, as intensas negociacións unicamente foron entre os socios de Goberno pero en ningún momento foron escoitadas as propostas das comunidades autónomas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5ª**:

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 18:22:51
Nº Rexistro: 42209
Data envio: 04/10/2022 18:22:51.781

grupo parlamentario popular de galicia

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 a elaboración dunha nova *Ley de Familias* consensuada coas comunidades autónomas"

Santiago de Compostela, 4 de outubro 2022.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 18:22:51
Nº Rexistro: 42209
Data envio: 04/10/2022 18:22:51.781

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/10/2022 18:18:45**

**José Alberto Pazos Couñago  na data 04/10/2022 18:19:06**

**López Sánchez, Rosalía na data 04/10/2022 18:19:23**

**María Corina Porro Martínez  na data 04/10/2022 18:19:33**

**Noelia Pérez López na data 04/10/2022 18:19:55**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 04/10/2022 18:20:12**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 04/10/2022 18:20:27**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 04/10/2022 18:21:01**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:48:43
Nº Rexistro: 42220
Data envio: 05/10/2022 09:48:43.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputados **Luis Bará Torres** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para levar a cabo unha prevención contra incendios efectiva nos Parques Naturais e espazos da Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os grandes incendios forestais deste verán de 2022, especialmente os da crise concentrada principalmente no interior de Lugo e nas zonas de Oímbra, Valdeorras e Pradoalbar a partires da tormenta explosiva do 14 de xullo afectaron gravemente a varias zonas protexidas.

Así vimos serias afectacións en distintos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 como Os Ancares-Courel, ou os parques naturais da Serra da Enciña da Lastra, o Invernadeiro ou o parque natural da Baixa Limia - Xurés.

Máis aló doutras consideracións é importante que o Parlamento de Galiza teña información detallada en relación a que medidas de prevención específicas estaban en vigor nestes e outros espazos de especial relevancia natural xa que é responsabilidade da Xunta de Galiza velar pola súa protección primeiro e, en todo caso, pola súa recuperación e rexeneración, para controlar no posíbel as consecuencias negativas do lume e evitar máis danos.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:48:43
Nº Rexistro: 42220
Data envio: 05/10/2022 09:48:43.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido os instrumentos de ordenación e xestión en vigor (algúns aínda non aprobados no momento de rexistro desta iniciativa, como o Plan Rector de Uso e Xestión -PRUX- do Xurés) ou ben son insuficientes, ou ben están mal dotados economicamente, ou en todo caso estanse a demostrar ineficaces para afrontar con garantías a prevención contra incendios e a loita contra os mesmos unha vez declarados en todos eses espazos singulares que son, ademais, garantía de biodiversidade no noso país.

Co obxectivo de garantir a protección, pervivencia, mantemento e mellora da biodiversidade dos nosos espazos naturais ante os incendios forestais é preciso tomar medidas proactivas e valentes que leven aparellada a dotación orzamentaria axeitada para poñelas en práctica.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1- Aprobación ou actualización (segundo o caso) dos PRUX de todos os parques naturais de Galiza para adaptalos ás necesidades de resiliencia destes espazos singulares fronte á ameaza dos incendios convectivos de 6ª xeración.

- Fragas do Eume

- Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán

- Monte Aloia

- Baixa Limia – Serra do Xurés



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:48:43
Nº Rexistro: 42220
Data envio: 05/10/2022 09:48:43.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O Invernadeiro

- Serra da Enciña da Lastra

2.- Establecemento de un cronograma de actuación en cada un deses documentos que garanta a posta en marcha de medidas efectivas para afrontar con eficacia a ameaza e os ataques do lume.

3 - Dotación orzamentaria suficiente nos Orzamentos da Xunta para 2023 para a implementación deses PORN e PRUX

4.- Establecemento dun protocolo de acción conxunta entre as Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente que terá de ser incorporado como anexo ao PLADIGA de cada campaña contra incendios e que regule, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Plans singularizados en cada Parque Natural para o establecemento de medidas de prevención contra incendios.

- Plans singularizados de extinción para afrontar os posíbeis incendios forestais dentro deses Parques Naturais.

- Plans de recuperación post-incendio singularizados que primen, ante todo, a reintrodución de material xenético da zona

5.- Plan de actuación específico para intervención anti-incendios en todos os espazos recollidos dentro da Rede Natura 2000."

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:48:43
Nº Rexistro: 42220
Data envio: 05/10/2022 09:48:43.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 05/10/2022 09:27:43**

**María del Carmen Aira Díaz na data 05/10/2022 09:28:51**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/10/2022 09:28:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2022 09:29:07**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago**, **Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano do 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as Forzas e Corpos de Seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o Partido Socialista atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así, tal e como vimos denunciando as e os socialistas, a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.

Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia. Ante o preocupante avance e aumento das agresións e situacións de discriminación contra as persoas LGTBI, o Grupo

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 10:33:35
Nº Rexistro: 42226
Data envío: 05/10/2022 10:33:35.575

Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Ante a constatación oficial dos delitos de odio contra as persoas LGTBI, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse e desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia na súa totalidade.

2. Aumentar os fondos de xeito considerable para as asociacións e colectivos que traballan pola igualdade de trato das persoas LGTBI na nosa comunidade.

3. Implementar este curso 22/23 en colaboración con estas asociacións unha campaña específica nos centros de ensino para educar, sensibilizar e concienciar arredor da Igualdade e os dereitos fundamentais das persoas LGTBI.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 05/10/2022 10:27:28**

**Julio Torrado Quintela na data 05/10/2022 10:27:36**

**Marina Ortega Otero na data 05/10/2022 10:27:44**

**Paloma Castro Rey na data 05/10/2022 10:27:56**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2022 10:28:05**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 12:26:07
Nº Rexistro: 42243
Data envío: 05/10/2022 12:26:07.147

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

O proceso de vacinación fronte á COVID é un éxito colectivo, froito do traballo de todas as administracións que, no exercicio das súas competencias, foron eficientes para dotar a España dun dos mellores índices de vacinación no mundo. A xestión do goberno do Estado na adquisición e distribución de vacinas, o eficiente labor dos profesionais do Sergas na súa dispoñibilidade e a facilitación das administracións locais que se viron implicadas facilitando localizacións e espazos contribuíron a que o proceso acadase niveis de boa aceptación para o que debera ser.

Na actualidade, existindo unha tendencia social evidente a concibir como superada a pandemia, é importante que exista unha formulación que permita afondar na necesidade dunha nova vacinación para os colectivos que así sexa decidido clinicamente.

Neste caso Galicia está iniciando a vacinación de cuarta dose fronte á COVID para as persoas maiores. Non en tanto, é posible mellorar o deseño inicial que se ten formulado sobre a vacinación, previsiblemente concentrada en grandes centros de vacinación e sen que se coñeza polo de agora a distribución que aproveite a capilaridade do sistema sanitario para ofrecer as posibilidades de vacinar a en centros próximos ás persoas, e nos domicilios no caso de ser necesario.

Existen nestes días numerosas queixas sobre as dificultades que está xerando a necesidade de desprazarse longamente para algunhas persoas, que para acudir a lugares centros de vacinación están tendo os seus problemas loxísticos. De A Fonsagrada a Lugo, de Entrimo a Ourense ou de Lalín a Santiago son desprazamentos que están sendo asumidos polas persoas maiores, coas dificultades que supón, e existindo centros sanitarios máis próximos.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 12:26:07
Nº Rexistro: 42243
Data envio: 05/10/2022 12:26:07.147

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha contratación extraordinaria de profesionais sanitarios precisos para poder ampliar o volume de centros de vacinación dispoñibles en Galicia para as persoas maiores.

2. Mellorar a proposta de centros de vacinación para persoas maiores aproveitando, ademais dos centros grandes para as cidades e o seu entorno, a capilaridade dos centros sanitarios de Galicia para poder achegar a vacinación ás persoas maiores tendo en conta as dificultades operativas e de mobilidade deste colectivo.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 05/10/2022 12:22:36**

**Marina Ortega Otero na data 05/10/2022 12:22:44**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 12:26:07
Nº Rexistro: 42243
Data envío: 05/10/2022 12:26:07.147

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2022 12:22:53**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 17:49:49
Nº Rexistro: 42260
Data envio: 05/10/2022 17:49:49.579

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e das deputadas **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Daniel Pérez López** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a suspensión cautelar do parque eólico Campelo promovido por Greenalia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sección terceira da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de suspender cautelarmente o acordo do consello da Xunta do 18 de novembro de 2021 polo que se autorizou o parque eólico Campelo, situado entre Santa Comba e Coristanco, promovido por Greenalia Wind Power Campleo, de cuxo consello de administración forma arte da exconselleira de medio ambiente Beatriz Mato.

Esta resolución do TSXG responde á demanda presentada o mes de xaneiro de 2022 por Adega e a Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica (PDCG), na que se impugnaba o acordo do Consello da Xunta e se solicitaba a suspensión cautelar tanto do parque eólico Campelo como dos parques eólicos Bustelo e Monte Toural,

A demanda de ADEGA E da PDCG fundaméntase nas irregularidades no trámite de información pública e na fragmentación artificial dos tres parques, que deberían tramitarse como un único proxecto.

No que atinxe ao procedemento de información pública, debe terse en conta que este foi precisamente un dos motivos principais da anulación do parque eólico

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Corme G-3: “non se pode ignorar que os defectos de publicación e audiencia que alega a letrada da actora xa teñen dado lugar á estimación de dos recursos, nos que, con fundamento nas mesmas normas, se alegaba tal deficiencia”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a deixar sen efecto os acordos do Consello da Xunta polos que se aprobaron os parques eólicos Campelo, Bustelo e Toural, polo incumprimento da normativa de información pública e porque constitúen un exemplo patente de fragmentación artificial dun único parque.”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2022 17:39:42**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 17:49:49
Nº Rexistro: 42260
Data envio: 05/10/2022 17:49:49.579

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 05/10/2022 17:39:47**

**Daniel Pérez López na data 05/10/2022 17:39:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2022 17:40:08**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

A análise da situación actual no eido internacional contextualizouse nas consecuencias da pandemia e da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Todo isto, ademais de ocasionar unha crise humanitaria, está a ocasionar unha crise económica.

A galopante suba dos prezos que está a prexudicar aos fogares con menos ingresos. O que se contrapón á escalada de beneficios empresariais que están a experimentar determinados sectores, responsables da espiral inflacionista. Os traballadores e traballadoras cunha inflación desbocada vense afogados pola suba dos prezos e outras consecuencias da guerra de Ucraína

O principal problema que debe afrontar agora a nosa economía é a diminución da capacidade adquisitiva que están a padecer as familias porque,  a realidade é que os salarios reais están a diminuír a un ritmo vertixinoso.

Nesta conxuntura, urxe que o Goberno galego articule medidas para limitar os efectos negativos sobre a cidadanía, como algunhas das que se viñeron adoptando polo Goberno do Estado  (bonificación combustibles, limitar prezos gas, limitar alugueiros, bonos eléctricos, axudas directas a determinados sectores ou as bonificacións ao transporte público, entre outras). En canto aos beneficios empresariais, destaca o imposto á banca ou ás grandes empresas enerxéticas.

É imprescindible que se adopten medidas para protexer a creación de emprego e a calidade de vida das persoas traballadoras.

A día de hoxe o 25,2 % por cento da poboación galega está en situación de risco de pobreza ou exclusión social e, se non se habilitan medidas, coa escalada inflacionista, isto pode empeorar.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 11:12:34
Nº Rexistro: 42280
Data envio: 06/10/2022 11:12:34.510

Por elo a Xunta de Galicia debe apostar pola modernización das políticas activas de emprego, para o cal, ten un instrumento clave como son os orzamentos de 2023 e reactivar as mesas de diálogo social para afrontar este importante reto.

É notorio a conflitividade laboral existente na nosa Comunidade Autónoma, negociacións de convenios bloqueadas en distintos sectores (Contac Center, consultoras e tecnoloxías da información, seguridade, axuda a domicilio, Siderometal Ourense). Situación que ten que ser abordada pola Xunta de Galicia de forma urxente.

É necesario tamén facer constar as cifras que Galicia rexistra en materia de sinistralidade laboral, cun aumento desta do 12,14 % de xaneiro a xullo de 2022, en relación ao mesmo período de 2021, con 49 persoas traballadoras falecidas, situando a Galicia á cabeza en incidencia de sinistros mortais en todo o Estado.

Resulta evidente que urxe unha revisión das políticas preventivas e articular un plan de choque contra esta lacra.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar, de xeito inmediato, as mesas de Diálogo Social co fin de acordar as medidas de actuación a adoptar polo Goberno galego ante estas problemáticas, ante a perda do poder adquisitivo que están a sufrir os traballadores e traballadoras galegos, así como ante a conflitividade laboral existente.
2. Apostar pola modernización das políticas de emprego.

3. Aprobar un plan de choque contra a sinistralidade laboral que deberá ser presentado na Cámara galega no prazo de 6 meses.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 11:12:34
Nº Rexistro: 42280
Data envio: 06/10/2022 11:12:34.510

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta  na data 06/10/2022 11:04:52**

**Julio Torrado Quintela  na data 06/10/2022 11:07:09**

**Marina Ortega Otero  na data 06/10/2022 11:07:17**

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 06/10/2022 11:07:29**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 11:37:39
Nº Rexistro: 42304
Data envio: 06/10/2022 11:37:39.351

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación do IES Alfredo Brañas de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño de 2021 caeu o teito do salón de actos do IES Alfredo Brañas de Carballo. A causa do desprendemento da estrutura, case con toda seguridade, é dobre e combinada: as humidades do teito e unha praga de avelaíñas. Isto provocou abondosos danos materiais, xa que se desprendeu boa parte do falso teito de escaiola, o que, á súa vez, estragou as butacas da sala e provocou danos no sistema de iluminación e no cadro eléctrico. Ao que hai que sumarlle a praga de avelaíñas, que afecta a gran parte das butacas (que contan con repousabrazos de madeira). De xeito inmediato, a dirección do centro puxo estes feitos en coñecemento da Consellería de Educación, xirándose aos poucos días unha visita ao centro por parte dun membro da oficina técnica da Consellería, así como un arquitecto.

Iniciado xa o curso, e pasados máis de cinco meses dende a caída do teito, ninguén da Consellería nin da oficina técnica se puxo en contacto coa dirección do centro para solucionar un problema que ten inutilizado, aínda a día de hoxe, o salón de actos.

En marzo deste ano, este Grupo Parlamentar rexistrou unha batería de iniciativas sobre o tema, e foi en abril cando o conselleiro de educación da Xunta de Galiza, e como resposta a unha pregunta en pleno do BNG, asegurou que xa se contaba cos



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudos técnicos e estudos preliminares e que se encargaría de xeito inmediato a encargar a redacción do proxecto. No mes de maio técnicos da consellería realizaron medicións no salón de actos, e dende esa data, até día de hoxe, non houbo actuación algunha nin nada se comunicou á dirección do centro. A realidade en outubro de 2022 (dezaseis meses despois da caída do teito) é que os cascotes de escaiola seguen a desprenderse, o salón permanece pechado e  a praga de termita estase estendendo ao resto do centro.

Ante esta situación, a dirección do centro amósase moi preocupada polo retraso no inicio das obras, e así nolo transmitiu nunha recente reunión mantida a semana pasada. Preocupación que compartimos dende o Grupo Parlamentar do BNG xa que, malia o anuncio do conselleiro realizado en abril de que se encargaría de inmediato a redacción do proxecto, cinco meses despois nada aparece no Portal de Transparencia da Xunta de Galiza no relativo ao IES Alfredo Brañas de Carballo e á reforma do seu salón de actos.

Porén, o 15 de setembro publicouse nun coñecido diario galego que o Goberno galego estaba a realizar obras en diferentes centros da Costa da Morte, e en concreto, recollíase que existía un proxecto para a reforma do salón de actos do Instituto Alfredo Brañas, cunha inversión de 350.000 €. Co que parece que existe un proxecto para a obra, cun orzamento determinado e certo, que non foi comunicado nin á dirección do centro ni  ao resto da comunidade educativa. Obviando, dito sexa de paso, os problemas de caída de cascotes que existen na fachada do edificio que esixen tamén unha actuación inmediata da Xunta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a acometer de inmediato o arranxo integral do salón de actos do IES Alfredo Brañas de Carballo, así como realizar as actuacións necesarias nas fachadas do edificio para evitar o perigo certo de caída de cascotes."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Deputado do G.P. do BNG
**Manuel Lourenzo Sobral**
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 06/10/2022 11:28:43**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/10/2022 11:28:47**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:38:30
Nº Rexistro: 42320
Data envio: 06/10/2022 16:38:30.099

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Rosana Pérez Fernández** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á situación do emprego autónomo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos de afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) correspondentes ao mes de setembro confirman que o emprego autónomo na Galiza segue a pasar por momentos extremadamente delicados.

Neste mes, no noso país as persoas afiliadas ao RETA eran 207.011, o que supón unha variación de – 618 respecto ao mes anterior (-0,3%). Porén, os datos a nivel estatal amosan un incremento medio porcentual do 0,1% que certifican que Galiza diverxe do resto Estado no relativo ao emprego autónomo, de xeito preocupante. Até o punto que estamos no grupo de cabeza das comunidades autónomas que perden afiliación respecto ao mes anterior, xunto a Asturias, Cantabria e Extremadura, e só superadas por Castela León, que encabeza a dubidosa honra de encabezar este ranking negativo. Observándose unha suba xeneralizada da afiliación no resto dos territorios do Estado, onde destacan Euskadi, Murcia ou Madrid.

Se analizamos a evolución da afiliación tomando o período que vai de decembro de 2021 a setembro deste ano, observamos como Galiza perdeu 2.596 afiliados ao RETA, o que supón un descenso porcentual do 1,2%, sendo superados só por Melilla e



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:38:30
Nº Rexistro: 42320
Data envio: 06/10/2022 16:38:30.099

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ceuta (cun descenso do número de persoas autónomas nese período de -3,2 e -2,0%, respectivamente) e por La Rioja (-1,4%). O descenso de autónomos no noso país foi uniforme nas catro provincias, e por sectores, concentrouse no comercio e na hostalaría.

Se ben no contexto estatal as pequenas empresas e os autónomos están aguantando o emprego a pesar das dificultades que atravesan e a situación de absoluta inestabilidade económica que estamos a vivir, aumentando incluso o número total de cotizantes ao Réxime Especial durante o mes de setembro, Galiza racha con esa dinámica e perdeu nese mes 618 afiliados.

Dende o sector, a lectura que se fai da situación do emprego autónomo no noso país é que o pequeno comercio non resiste e que é imprescindíbel adoptar medidas urxentes para paliar a crítica situación. Non cabe dilatar nin un mes máis a articulación desas medidas polo goberno galego, para frear o desastre e evitar que milleiros de autónomos queden na ruína nos próximos meses.

A evolución do emprego autónomo na Galiza adquire, en palabras do propio sector, tinguiduras dramáticas, o que esixe unha resposta inmediata por parte da Xunta de Galiza. As medidas adoptadas até o de agora polo goberno galego foron incapaces de cauterizar a sangría constante de peches de pequenos e medianos comercios e o descenso de afiliacións ao RETA.

Un sector que foi dos máis afectados polas consecuencias derivadas da pandemia, que despois, sen solución de continuidade, sufriu a o encarecemento exponencial dos fletes e dos subministros, un proceso inflaccionario nunca visto e unha suba desbocada e xeneralizada dos prezos que condiciona, cando non impide, manter a súa actividade.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atendendo ao que nos amosan as estatísticas de evolución de afiliación e á dramática situación que están pasando milleiros de pequenas e medianas empresas e autónomos deste país, o goberno galego debe abandonar a súa pasividade e poñerse ao fronte para axudar ao sector nunhas circunstancias de máxima dificultade. E iso pasa por articular, no inmediato, axudas directas para paliar os efectos do prezo da enerxía e dos carburantes, que están afogando e condicionando a actividade ordinario de milleiros de pequenas empresas e autónomos do noso país. E a moi curto prazo, un auténtico plan de choque, consensuado coa totalidade do sector, que recolla orzamento suficiente e uns criterios que faciliten o acceso ás axudas para aquelas pequenas e medianas empresas e autónomos aos que afectou especialmente, pola súa tipoloxía, o fenómeno inflacionista e o prezo da enerxía e carburantes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Articular de xeito inmediato e puntual unha axuda directa de 300 Euros a pequenas e medianas empresas do país e ás persoas autónomas, para paliar os efectos da suba dos carburantes e da enerxía.

- Constituír con carácter urxente unha mesa de traballo coa totalidade das asociacións de autónomos de Galiza co fin de articular un auténtico Plan de Choque con dotación orzamentaria suficiente, que contemple tamén as posíbeis aportacións económicas de outras administracións, que conte con criterios consensuados que faciliten o acceso ás axudas, que irán dirixidas, especialmente, ás PEMES e persoas



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autónomas que, pola súa tipoloxía, están a sufrir de xeito máis virulento o fenómeno inflacionista e o prezo dos carburantes e a enerxía."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Rosana Pérez Fernández**
Deputados e deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 06/10/2022 16:24:24**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2022 16:24:38**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2022 16:24:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2022 16:24:57**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:13
Nº Rexistro: 42330
Data envio: 06/10/2022 17:30:13.957

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre un Pacto galego pola industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comparativa do Índice de produción industrial estatal e da Galiza resulta moi negativa para nós, con un ano 2022 demoledor para a nosa industria que perde un 7% en variación interanual e un 1,9% de media no que vai de ano, mentres o estado observa unha taxa interanual positiva do 1,3% e un +3,2% no que vai de ano.

Este non e máis que outro indicador que deixa en evidencia a falta dunha política industrial do goberno do Partido Popular, que vai na mesma liña que os datos de ocupación do ano 2021, que rexistraron unha caída no sector industrial do 4,8% respecto do ano 2019 (antes da pandemia), o que significa 8.700 empregos destruídos, e no segundo trimestre deste ano 2022 mantiñan a tendencia negativa, tanto en comparación co primeiro trimestre como en comparación co mesmo trimestre do ano anterior.

Os deputados e a deputada abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 2ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 2ª da Directora xeral de calidade ambiental** para informar sobre o Plan de Xestión de Residuos Municipais 2023-2030 e a avaliación do Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2022.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Paulo Ríos Santomé**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 07/10/2022 11:33:18**

**Alexandra Fernández Gómez na data 07/10/2022 11:33:27**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres  na data 07/10/2022 11:33:36**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 10:45:50
Nº Rexistro: 42089
Data envio: 03/10/2022 10:45:50.886

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as prazas de emerxencia social nas residencias de maiores e o perfil de persoas usuarias que ocupan as mesmas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai tempo, diversos colectivos profesionais e tamén representantes de familiares de persoas usuarias das residencias de maiores, veñen advertindo o G.P. do Bloque Nacionalista Galego da ocupación de prazas de emerxencia social nos centros de maiores con persoas que padecen graves problemas psiquiátricos e doutras características.

A preocupación, especialmente do persoal, é que non contan nin con formación nin con recursos necesarios para atender este perfil preguntándose, tamén, se son as residencias de maiores os lugares idóneos para prestar o mellor servizo a estas persoas.

Cómpre lembrar que Galiza non conta cunha lexislación específica que regule as residencias de maiores senón que están ordenadas pola normativa básica de servizos sociais alén dalgunha orde específica.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas prazas de emerxencia social existen en Galiza nas residencias de maiores?



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 10:45:50
Nº Rexistro: 42089
Data envio: 03/10/2022 10:45:50.886

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas están ocupadas?

- Que perfís se atopan entre as persoas usuarias deste recurso?

- Cales son as razóns da súa derivación a residencias de maiores?

- Cre a Xunta de Galiza que son o recurso máis acaído para atender as súas necesidades?

- Valora o Goberno galego crear outros recursos e servizos para atender estas necesidades?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2022 10:30:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2022 10:30:16**

**Iria Carreira Pazos na data 03/10/2022 10:30:25**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:50:14
Nº Rexistro: 42101
Data envio: 03/10/2022 11:50:14.929

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á protección de humidais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o rexime xurídico e se crea o Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:50:14
Nº Rexistro: 42101
Data envio: 03/10/2022 11:50:14.929

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(CBD, 2010) establecen o marco para refomular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non están protexidos nin contan con instrumentos de conservación e xestión. Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrido, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Parque das Illas Atlánticas), sen que nos últimos 26 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).

- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superfice de 34.441 ha (48,8%)

- Humidais subterráneos: 7 (o,6% do total), superficie de 0,6 ha

- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), supercie de 15.965,8 ha (22,7%)

Do total dos humidais, 380 están incluidos total ou parcialmente e 751 están excluidos da Rede Natura, de maneira que unha grande parte non contan con figuras específicas de protección. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:50:14
Nº Rexistro: 42101
Data envio: 03/10/2022 11:50:14.929

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esixencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Por outra parte, existe un problema no acceso á información sobre os humidais, sobre todo a partir da desaparición en 2016 do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB), polo que non existe ningún enderezo web no que se poida acceder de maneira directa á información sobre os humidais que integran o Inventario de humidais de Galiza. E no Inventario Español de Zonas Húmidas, non aparecen os humidais de Galiza.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IDADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).

Na lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que se



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:50:14
Nº Rexistro: 42101
Data envio: 03/10/2022 11:50:14.929

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Recentemente o Consello da Xunta aprobou o Plan Hidrolóxico Galiza Costa para o período 2021-2027, que inclúe entre as medidas a adoptar a protección dos humidais incluídos no Inventario, así como outras zonas húmidas de interese. Cómpre polo tanto actuar de xeito áxil para garantir a protección destes espazos, que están ameazados por diversos proxectos de explotación industrial dos montes galegos. E ademais é necesario que os dous departamentos da Xunta con competencias na materia, Augas de Galicia e Patrimonio Natural, actúen de maneira coordinada para garantir tanto a protección legal, a inclusión no rexistro oficial e o o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración de zonas húmidas degradadas ou deterioradas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego sobre o estado de conservación dos 1.131 humidais de Galiza?

Que opinión lle merece ao goberno galego o feito de que unha parte importante dos humidais teñan un estado de conservación deficiente, segundo se desprende do estudo publicado polo IBADER?

Que medidas ten previsto poñer en marcha o goberno galego para reverter esta situación?

Ten previsto a Xunta de Galiza desenvolver un plan de protección e conservación dos humidais galegos?



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:50:14
Nº Rexistro: 42101
Data envio: 03/10/2022 11:50:14.929

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto o goberno galego declarar zonas húmidas potexidas e facer unha proposta de ampliación dos humidais de importancia internacional (RAMSAR)?

Cando prevé a Xunta de Galiza activar o Inventario Galego do Patrimonio Natural e a Biodiversidade?

Como valora a Xunta de Galiza o impacto de infraestruturas de enerxía e plantacións forestais nos humidais de montaña considerados espazos prioritarios pola UE?

Que medidas vai desenvolver a Xunta para garantir a protección efectiva dos humidais incluídos no Inventario de humidais de 2003 e para levar a cabo unha actualización e ampliación que teña en conta a nova información dispoñíbel e as achegas de colectivos cidadáns e ecoloxistas?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Paulo Ríos Santomé**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2022 11:16:03**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé  na data 03/10/2022 11:16:07**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 03/10/2022 11:16:14**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:49:26
Nº Rexistro: 42126
Data envio: 03/10/2022 12:49:26.546

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións laborais do persoal TCAE que traballa en centros sociosanitarios da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes das traballadoras e traballadores do persoal TCAE que atende as persoas usuarias dos centros sociosanitarios da Xunta de Galiza trasladaron ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego o seu malestar polas súas condicións laborais, especialmente pola situación na que se atopa o persoal das listaxes de contratación temporal.

En primeiro lugar, polas diferenzas que teñen a respecto do persoal coa súa mesma formación mais dependente do SERGAS e tamén a respecto das e dos TCAE con praza fixa en centros dependentes da Consellaría de Política Social.

Así mesmo, denuncian:

1.- A existencia de tres tipos de xornadas laborais (completa, media xornada e de sábado a domingos) fronte, por exemplo, as listaxes do SERGAS (xornada completa e pull).

2.- Non percibiren os plus salariais por xornadas laborais en domingos e festivos.



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:49:26
Nº Rexistro: 42126
Data envio: 03/10/2022 12:49:26.546

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- A existencia de listaxes paralelas en determinados centros sociosanitarios que priorizan a contratación dunhas persoas sobre outras.

Esta situación deriva, en boa medida, de que o persoal temporal que traballa nos centros sociosanitarios da Xunta de Galiza depende da área de Función Pública e non atende as características propias de servizos centrados na atención e coidados das persoas, especialmente maiores mais non só.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza as condicións laborais do persoal TCAE que se atopa nas listaxes de contratación temporal en centros sociosanitarios?

- Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para atender as demandas das e dos profesionais?

- E especificamente no que ten a ver co tipo de xornada (completa, media xornada, fins de semana)?

- Cónstalle ao Goberno galego a existencia de listaxes de contratación paralelas ás oficiais nalgún centro residencial?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:49:26
Nº Rexistro: 42126
Data envio: 03/10/2022 12:49:26.546

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 03/10/2022 12:48:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2022 12:48:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2022 12:48:35**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 16:40:50
Nº Rexistro: 42139
Data envío: 03/10/2022 16:40:50.422

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 10 de maio o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda Valenzuela, no seu discurso de investidura fixo varios anuncios sobre política fiscal manifestando literalmente que nestes momentos, que toca facer a declaración da Renda, cada galego está a aforrar unha media de 403 euros grazas ás rebaixas aprobadas pola Xunta de Galicia, ao tempo que anunciou que para o exercicio 2023 vaise reducir o tramo do IRPF do 9,4 % ao 9 % e cuantificou o aforro en impostos das familias galegas dende 2009 en 1.200 millóns de euros que foron empregados en mellorar a súa calidade de vida.

O 23 de setembro o presidente da Xunta de Galicia anunciou no foro económico da Voz de Galicia e Abanca que o Goberno galego, sumándose ás medidas adoptadas por outras comunidades autónomas gobernadas polo PP, elevará do 25 ao 50 % a bonificación do Imposto sobre o Patrimonio a partir do ano 2023, beneficiando aos case 7.700 galegos e galegas máis ricos do noso país, medida que vai supoñer a perda duns 34 millóns de euros de recadación por este imposto.

E na comparecencia do Presidente da Xunta no pleno do Parlamento galego do día 27 de setembro, este ratificaba este anuncio ao tempo que anunciaba unha deflactación do IRPF nos tramos impositivos de ata 35.000 euros que van supoñer o aforro duns 46 euros por persoa. É dicir, que estas medidas van supoñer unha baixada duns 46 euros nos tramos máis baixos do IRPF fronte aos case 4.500 euros de media para as 7.700 persoas que máis recursos teñen no noso país.

Por outra banda, o presidente Rueda tamén anunciaba que as familias con 2 fillos terán o mesmo trato fiscal que as familias numerosas, é dicir, unha dedución duns 250 euros no tramo autonómico do IRPF, medida que non discrimina por ingresos familiares, o que supón unha medida que volta a beneficiar ás familias que contan con máis recursos na mesma medida que aquelas que máis problemas teñen para chegar a fin de mes.

Todos estes anuncios revelan, unha vez máis, a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia, que favorece aos que máis teñen, aínda que isto supoña unha perda de ingresos nas arcas autonómicas para poder facer unha redistribución da riqueza e axudar aos fogares que máis o precisan, fundamentalmente nuns momentos de

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 16:40:50
Nº Rexistro: 42139
Data envío: 03/10/2022 16:40:50.422

crecemento dos prezos e cando Galicia experimenta incrementos do IPC máis elevados que a media do Estado.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre estes anuncios?

2ª) Vai retirar o Goberno galego estas propostas do proxecto de orzamentos para 2023?

3ª) Sobre que estudos ou informes se baseou o Goberno galego para anunciar estas rebaixas fiscais e cal vai ser o impacto económico sobre as contas para 2023?

4ª) Vai establecer o Goberno galego unha mesa de traballo na que estean presentes todos os representantes económicos e sociais, así como os grupos parlamentarios para acordar unha política fiscal que garanta unha redistribución da riqueza no noso país?

5ª) Canto supuxeron os beneficios fiscais aprobados pola Xunta de Galicia cada un dos anos nos que gobernou o Sr. Núñez Feijóo?

6ª) A que tipo de familias ten favorecido cada un dos beneficios fiscais aprobados?

7ª) Considera o Goberno galego que estes incentivos fiscais se traduciron realmente en beneficios para a cidadanía galega? exactamente cales? en que datos obxectivos fundamenta a súa resposta?

8ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo sobre o impacto económico e social dos incentivos aplicados en Galicia dende o ano 2009? en caso negativo, cal é a súa xustificación?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/10/2022 12:41:37**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 03/10/2022 12:41:52**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 17:11:33
Nº Rexistro: 42147
Data envío: 03/10/2022 17:11:33.332

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A desaceleración do crecemento económico na economía española e na galega prodúcese nun escenario de crecemento de prezos, incremento de tipos de interese e crise enerxética nun contexto internacional marcado pola guerra de Ucraína. As empresas galegas deben facer fronte a un novo escenario económico que implica maiores dificultades, especialmente cando a inflación en Galicia é superior á do conxunto do Estado. De feito, neste contexto estímase que cada mes hai 100 autónomos menos en Galicia e que a creación de empresas en Galicia caeu un 33% no último ano, máis do dobre que en España, sendo a comunidade autónoma na que máis caeu a creación de empresas de toda España.

Nun recente informe de Cepyme, estímase que as empresas galegas tardan en media 83,5 días en pagar as súas facturas, reducíndose este período en 2,4 xornadas no último ano, pero aínda moi por riba dos niveis legais e economicamente desexables para o noso tecido produtivo. Resulta evidente que nun tempo de política monetaria restritiva con maiores custes para o financiamento, moitas empresas galegas afrontan maiores dificultades financeiras.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas económicas e financeiras vai adoptar o goberno da Xunta para respaldar ás empresas e autónomos do noso tecido produtivo ante as dificultades ás que deben facer fronte?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro do 2022

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 17:11:33
Nº Rexistro: 42147
Data envio: 03/10/2022 17:11:33.332

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG de PSOE

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez  na data 03/10/2022 17:06:04**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  na data 03/10/2022 17:06:13**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 11:44:33
Nº Rexistro: 42180
Data envio: 04/10/2022 11:44:33.209

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as Oficinas de atención á vítima.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta con sete Oficinas de Atención á Vítima (OAV) dependentes dos Decanatos da Coruña, Ferrol, Compostela, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra. Un servizo esencial de atención e apoio que adquire un valor maior, se cabe, nos casos de violencia machista.

Na actualidade, estas oficinas están dotadas cun profesional do ámbito da psicoloxía (dependente da Fiscalía) e cun de Traballo Social cuxo contrato ten unha duración dun a tres anos prorrogables até cinco con cargo aos fondos do Pacto de estado contra a violencia machista.

Porén, as traballadoras sociais descoñecen na actualidade se continuarán ou non exercendo as súas funcións toda vez que non lles foi comunicada a prórroga dos seus contratos. Cómpre sinalar que a incorporación en 2019 das traballadoras sociais ás Oficinas de Atención á Vítima (OAV) permitiu mellorar a asistencia, o acompañamento e a protección das mulleres vítimas de violencia machista nun ámbito, como o xudicial, no que se pode producir unha vitimización secundaria que a lexislación esixe previr e evitar.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego é fundamental a continuidade das sete traballadoras sociais que actualmente integran as Oficinas de Atención á Vítima e dotar de estabilidade a estas profesionais.

Así mesmo, debería garantirse unha maior atención garantindo a presenza, por exemplo, de servizos xurídicos que fornezan do asesoramento legal necesario ás vítimas que fan uso da oficina pois, actualmente, moitas mulleres vítimas de violencia machista formulan cuestións a respecto dos seus procesos xudiciais para as que o persoal de psicoloxía e traballo social non dispón de formación.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Vai darlle continuidade a Xunta de Galiza ao persoal de traballo social das sete Oficinas de Atención á Vítima?

- Vai prorrogar a súa contratación con fondos propios se non houbese, pola razón que for, fondos do Pacto de estado contra a Violencia Machista?

- Pensa dotar de maior estabilidade a estas traballadoras? De ser así, que medidas prevé adoptar?

- Como valora a Xunta de Galiza o apoio que facilitan na actualidade as OAV?

- Cre o Goberno galego que deberían ampliarse con novos perfís profesionais estas Oficinas?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores  na data 04/10/2022 11:40:57**

**Iria Carreira Pazos na data 04/10/2022 11:41:02**

**Noa Presas Bergantiños  na data 04/10/2022 11:41:11**

**Olalla Rodil Fernández  na data 04/10/2022 11:41:25**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 17:57:04
Nº Rexistro: 42205
Data envio: 04/10/2022 17:57:04.158

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, **Iria Carreira Pazos** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de impulsar un acordo que garanta a xestión pública do Panteón de Galegos Ilustres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio da Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, alén de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional. Non se trataba naquel momento de constituír un Panteón de Galegos Ilustres, mais esta idea foi tomado corpo desde ese momento.

Tal e como se recolle na publicación do Consello da Cultura Galega, Os símbolos de Galiza, "durante a última ditadura coincidiron diversas circunstancias que permitiron a recuperación da vella idea do Panteón. Como alí se celebraba anualmente a Misa e a ofrenda floral o 25 de xullo, o Dr. Sixto Seco conseguiu do Concello de Santiago de Compostela que se lle encomendara, en canto Presidente do Padroado da Fundación Rosalía de Castro, o coidado do Panteón. Iso explica que foran trasladados a este os restos de Ramón Cabanillas, que Francisco Asorey fora directamente enterrado alí e que, cando se levantou o cemiterio xeral de Santiago, foran trasladados a aquel



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lugar os restos de Domingo Fontán." A este elenco de nomes, sumouse no 1984, o traslado dos restos de Castelao.

Hai, pois, unha institucionalización real –aínda que non formal do punto de vista legal- de San Domingos de Bonaval como o Panteón de Galegos Ilustres. Un espazo civil no que lembrar digna e colectivamente aquelas persoas máis relevantes na historia do pobo galego. Mais esta situación ten mudado de maneira significativa unha vez que se produce unha sentenza insólita, que lle outorga a titularidade deste espazo ao Arcebispado de Santiago de Compostela. Titularidade sobre o espazo, que en ningún caso pode abranguer a tutela dos restos que alí repousan. A decisión dos soterramentos ou traslado de restos que se fixeron ao longo dos anos xustificábase, precisamente, no carácter laico e civil que até o ano pasado tiña este espazo.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo, como recoñecemento dun panteón histórico, símbolo nacional de Galiza. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso público e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas na actualidade. O arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non, converténdoo nun espazo cun acceso pouco visíbel, coa porta principal pechada aos visitantes e dependente da atención, coidado e mantemento que poidan asumir, de forma voluntaria, desde o Museo do Pobo Galego.

Unha situación que desde o BNG consideramos anómala e que desvirtúa o sentido e concepción do Panteón de Galegos Ilustres. É necesario un compromiso e vontade real do Goberno Galego para que o Panteón saia do limbo inexplicábel en que se encontra e recuperar o seu carácter público  e espazo laico que o orixinou. Hai



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 17:57:04
Nº Rexistro: 42205
Data envio: 04/10/2022 17:57:04.158

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fórmulas, tanto legais como no ámbito da negociación, que se poderían utilizar, mais lamentabelmente constatamos que a Xunta, transcorridos varios anos, non quere traballar nesta dirección, condenando un espazo identitario e cultural simbólico como é o Panteón de Galegos Ilustres se siga sumindo na indiferencia, na ocultación e no acceso restrinxido e condicionado polo criterio do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas está a impulsar o goberno para procurar un acordo que garanta a xestión pública do Panteón de Galegos Ilustres?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Iria Carreira Pazos**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/10/2022 17:55:41**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2022 17:57:04
Nº Rexistro: 42205
Data envio: 04/10/2022 17:57:04.158

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 04/10/2022 17:55:45**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/10/2022 17:55:56**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:49:14
Nº Rexistro: 42223
Data envio: 05/10/2022 09:49:14.994

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**María González Albert, Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para levar a cabo unha prevención contra incendios efectiva nos Parques Naturais e espazos da Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os grandes incendios forestais deste verán de 2022, especialmente os da crise concentrada principalmente no interior de Lugo e nas zonas de Oímbra, Valdeorras e Pradoalbar a partires da tormenta explosiva do 14 de xullo afectaron gravemente a varias zonas protexidas.

Así vimos serias afectacións en distintos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 como Os Ancares-Courel, ou os parques naturais da Serra da Enciña da Lastra, o Invernadeiro ou o parque natural da Baixa Limia - Xurés.

Máis aló doutras consideracións é importante que o Parlamento de Galiza teña información detallada en relación a que medidas de prevención específicas estaban en vigor nestes e outros espazos de especial relevancia natural xa que é responsabilidade da Xunta de Galiza velar pola súa protección primeiro e, en todo caso, pola súa recuperación e rexeneración, para controlar no posíbel as consecuencias negativas do lume e evitar máis danos.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:49:14
Nº Rexistro: 42223
Data envio: 05/10/2022 09:49:14.994

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido os instrumentos de ordenación e xestión en vigor (algúns aínda non aprobados no momento de rexistro desta iniciativa, como o Plan Rector de Uso e Xestión -PRUX- do Xurés) ou ben son insuficientes, ou ben están mal dotados economicamente, ou en todo caso estanse a demostrar ineficaces para afrontar con garantías a prevención contra incendios e a loita contra os mesmos unha vez declarados en todos eses espazos singulares que son, ademais, garantía de biodiversidade no noso país.

Co obxectivo de garantir a protección, pervivencia, mantemento e mellora da biodiversidade dos nosos espazos naturais ante os incendios forestais é preciso tomar medidas proactivas e valentes que leven aparellada a dotación orzamentaria axeitada para poñelas en práctica.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Que medidas de prevención específicas se tomaran nos Parques Naturais e nos espazos da Rede Natura nun ano de condicións climatolóxicas tan extremas como o que estamos a vivir? Considéranas suficientes?

. Tiveron algunha incidencia esas medidas nunha menor incidencia dos incendios neses espazos en comparación con anos anteriores?

. Que porcentaxe do plan de queimas prescritas 2022 en Rede Natura foi efectivamente executado?

. Que orzamento inverteu a Xunta de Galiza neste 2022 na ordenación do territorio e na prevención de incendios dentro nos nosos parques naturais e espazos naturais protexidos?



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:49:14
Nº Rexistro: 42223
Data envio: 05/10/2022 09:49:14.994

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Teñen previsto subsanar as eivas dos PRUX e PORN dos Parques Naturais hoxe en vigor para incorporar medidas específicas de prevención e extinción neses espazos?

.Por que non existe un protocolo de colaboración entre as Consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente para o tratamento preventivo, de loita contra os incendios e de rexeneración de espazos e parques naturais? Vano elaborar?

. Que medidas se adoptaron ou se prevén adoptar para rexenerar os espazos medioambientalmente sensíbeis afectados polos incendios deste verán? Con que orzamento? En que marxe temporal?

. Que porcentaxe do total de 9 millóns de € dispostos nas distintas liñas e axudas publicadas no DOG do venres 29 de xullo foi efectivamente mobilizada? Canto dentro dos 550.000 € totais destinados ao procedemento MT100B para titulares de infraestruturas de uso público do medio natural dentro da Rede Galega de Espazos protexidos e reservas da biosfera? Cantas dentro dos 2 millóns de € destinados aos procedementos MR616A e MR616C de axudas por danos nas explotacións agrícolas, forestais ou dandeiras previstas?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**,

**Luis Bará Torres**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 09:49:14
Nº Rexistro: 42223
Data envio: 05/10/2022 09:49:14.994

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2022 09:41:20**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/10/2022 09:41:24**

**María del Carmen Aira Díaz na data 05/10/2022 09:41:34**

**María González Albert na data 05/10/2022 09:41:54**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 10:33:45
Nº Rexistro: 42227
Data envio: 05/10/2022 10:33:45.419

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano do 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as Forzas e Corpos de Seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o Partido Socialista atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así, tal e como vimos denunciando as e os socialistas, a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.

Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia. Ante o preocupante avance e aumento das agresións e situacións de discriminación contra as persoas LGTBI, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 10:33:45
Nº Rexistro: 42227
Data envío: 05/10/2022 10:33:45.419

1. Que valoración fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI?
2. Ten previsto o Goberno galego algunha acción específica?
3. Cantas xuntanzas do Observatorio se teñen celebrado?
4. Con que contido e conclusións?
5. Vai incrementar o orzamento para os colectivos e asociacións que traballan pola igualdade das persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 05/10/2022 10:26:38**

**Julio Torrado Quintela na data 05/10/2022 10:26:46**

**Marina Ortega Otero na data 05/10/2022 10:26:56**

**Paloma Castro Rey na data 05/10/2022 10:27:07**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 42232
Data envio: 05/10/2022 11:36:57.518

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación dos fogares galegos ante a crise de prezos e a falta de medidas adecuadas no ámbito económico e orzamentario da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise de prezos que sofre Galiza desde hai máis dun ano ten consecuencias negativas en todos os ámbitos da sociedade, do empresarial ao particular e persoal dos fogares galegos. Así as cousas, nos datos publicados o 13 de setembro obsérvase como o índice xeral de Galiza correspondente ao mes de agosto de 2022 rexistrou un ascenso do 0,1% con respecto ao mes anterior, taxa dúas décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado (0,3%). Con respecto a agosto de 2021 os prezos rexistraron un aumento do 11,0%, cinco décimas máis que no conxunto do Estado (10,5%). Así mesmo, variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 7,0%, dúas décimas superior á rexistrada en xullo (6,8%) e seis décimas superior á rexistrada a nivel estatal (6,4%).

O impacto destes datos acaba trasladándose á vida dos fogares galegos a través de decisións como que produtos escoller na cesta da compra, que hábitos saudábeis deixar de realizar, que elementos para o confort facer prescindíbeis, etc. Este impacto adoita trasladarse con demora ás estatísticas. De feito, as propias organizacións do



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 42232
Data envio: 05/10/2022 11:36:57.518

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terceiro sector como a Rede Galega contra a pobreza advirten desta situación e cando no ano 2021 daban os datos respecto de 2020 polos que máis dun cuarto da nosa poboación está en risco de exclusión advertían de que o impacto da pandemia aínda non se vía de todo. A isto engadimos agora o impacto de máis dun ano de crise inflacionista.

Recentemente, o 4 de outubro de 2022 coñeciamos os datos da Enquisa conxuntural a fogares con datos correspondentes ao terceiro trimestre de 2022. Esta enquisa permite obter unha panorámica ampla da consolidación do empobrecemento da nosa sociedade e desde o BNG advertimos desde hai anos de como constantemente a metade dos nosos fogares teñen serias dificultades.

Así as cousas, os datos máis recentes van reflectindo o impacto da situación económica e da falta de medidas realmente redistributivas e eficaces por parte da Xunta de Galiza no ámbito económico, financeiro e da facenda pública. Esta enquisa reflicte como no terceiro trimestre de 2022, o indicador de confianza do consumidor reflicte un valor de -23,8 puntos, 10,97 puntos inferior que o referido ao trimestre anterior. Así mesmo, diminuiron os catro indicadores parciais de perspectivas de evolución: o indicador da situación financeira persoal rexistrou unha baixada de 5,46 puntos, seguido do indicador da capacidade futura de aforro, que dimimuíu 8,97 puntos, do indicador da situación económica no noso país, que dimimuíu 13,76 puntos, e do indicador do desemprego, que dimimuíu 15,68 puntos.

Se avaliamos a situación dos fogares observamos como no terceiro trimestre de 2022 o 51,74 % dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 43,00 % con dificultade e o 5,26 % restante con moita dificultade.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 11:36:57
Nº Rexistro: 42232
Data envio: 05/10/2022 11:36:57.518

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario que a Xunta de Galiza atenda esta situación e combata as consecuencias lesivas que ten para Galiza o empobrecemento da sociedade e a falta de medidas proactivas no ámbito económico e financeiro.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para que a súa política económica, fiscal e financeira sexa realmente redistributiva e contribúa a evitar que a metade dos fogares de Galiza estean nunha situación económica que respresente dificultades ou moitas dificultades?

. Como avalía a consolidación desta situación ao longo das diferentes crises económicas?

. Considera que a súa política fiscal contribuíu a esta situación?

. Cal considera que é o impacto na saúde económica de Galiza?

. Ten avaliado as consecuencias na saúde pública das decisións de aforro e recortes dos fogares?

. Que medidas de corrección económica e orzamentaria vai aplicar?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Rosana Pérez Fernández**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2022 11:35:59**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/10/2022 11:36:08**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/10/2022 11:36:17**

**Daniel Pérez López na data 05/10/2022 11:36:26**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 12:26:16
Nº Rexistro: 42244
Data envío: 05/10/2022 12:26:16.772

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O proceso de vacinación fronte á COVID é un éxito colectivo, froito do traballo de todas as administracións que, no exercicio das súas competencias, foron eficientes para dotar a España dun dos mellores índices de vacinación no mundo. A xestión do goberno do Estado na adquisición e distribución de vacinas, o eficiente labor dos profesionais do Sergas na súa dispoñibilidade e a facilitación das administracións locais que se viron implicadas facilitando localizacións e espazos contribuíron a que o proceso acadase niveis de boa aceptación para o que debera ser.

Na actualidade, existindo unha tendencia social evidente a concibir como superada a pandemia, é importante que exista unha formulación que permita afondar na necesidade dunha nova vacinación para os colectivos que así sexa decidido clinicamente.

Neste caso Galicia está iniciando a vacinación de cuarta dose fronte á COVID para as persoas maiores. Non en tanto, é posible mellorar o deseño inicial que se ten formulado sobre a vacinación, previsiblemente concentrada en grandes centros de vacinación e sen que se coñeza polo de agora a distribución que aproveite a capilaridade do sistema sanitario para ofrecer as posibilidades de vacinar a en centros próximos ás persoas, e nos domicilios no caso de ser necesario.

Existen nestes días numerosas queixas sobre as dificultades que está xerando a necesidade de desprazarse longamente para algunhas persoas, que para acudir a lugares centros de vacinación están tendo os seus problemas loxísticos. De A Fonsagrada a Lugo, de Entrimo a Ourense ou de Lalín a Santiago son desprazamentos que están sendo asumidos polas persoas maiores, coas dificultades que supón, e existindo centros sanitarios máis próximos.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia non considera a posibilidade de realizar unha maior contratación de profesionais de maneira extraordinaria para poder realizar a vacinación a persoas maiores nos centros sanitarios máis próximos aos seus domicilios?

2. Vai o Goberno de Galicia a modificar o seu deseño inicial e mellorar a loxística da vacinación para facilitar a proximidade para as persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 05/10/2022 12:22:01**

**Marina Ortega Otero na data 05/10/2022 12:22:13**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 17:49:37
Nº Rexistro: 42259
Data envio: 05/10/2022 17:49:37.188

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Daniel Pérez López** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a suspensión cautelar do parque eólico Campelo promovido por Greenalia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sección terceira da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de suspender cautelarmente o acordo do consello da Xunta do 18 de novembro de 2021 polo que se autorizou o parque eólico Campelo, situado entre Santa Comba e Coristanco, promovido por Greenalia Wind Power Campleo, de cuxo consello de administración forma arte da exconselleira de medio ambiente Beatriz Mato.

Esta resolución do TSXG responde á demanda presentada o mes de xaneiro de 2022 por Adega e a Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica (PDCG), na que se impugnaba o acordo do Consello da Xunta e se solicitaba a suspensión cautelar tanto do parque eólico Campelo como dos parques eólicos Bustelo e Monte Toural,

A demanda de ADEGA E da PDCG fundaméntase nas irregularidades no trámite de información pública e na fragmentación artificial dos tres parques, que deberían tramitarse como un único proxecto.

No que atinxe ao procedemento de información pública, debe terse en conta que este foi precisamente un dos motivos principais da anulación do parque eólico Corme G-3: "non se pode ignorar que os defectos de publicación e audiencia que



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 17:49:37
Nº Rexistro: 42259
Data envio: 05/10/2022 17:49:37.188

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alega a letrada da actora xa teñen dado lugar á estimación de dos recursos, nos que, con fundamento nas mesmas normas, se alegaba tal deficiencia".

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego os autos do TSXG polos que se anulan ou se suspenden cautelarmente acordos da Xunta en relación con parques eólicos?

Como valora a Xunta o auto de medidas cautelares do TSXG sobre o parque eólico de Bustelo?

Que medidas vai adoptar a Xunta en relación con este proxecto e tamén en relación cos outros dous, Bustelo e Toural, que están na mesma situación?

Ten previsto o goberno galego deixar sen efecto os acordos do Consello da Xunta polos que se aprobaron estes parques?

Que valoración lle merece ao goberno galego que a exconselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato participase como integrante do Consello da Xunta na aprobación de proxectos de Greenalia e que agora forme parte do Consello de Administración da empresa?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 17:49:37
Nº Rexistro: 42259
Data envio: 05/10/2022 17:49:37.188

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 05/10/2022 17:46:51**

**Iria Carreira Pazos na data 05/10/2022 17:46:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2022 17:47:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2022 17:47:14**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2022 18:20:39
Nº Rexistro: 42275
Data envío: 05/10/2022 18:20:39.138

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación e evolución da vivenda de promoción pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A promoción de vivenda pública é unha tarefa practicamente extinta na acción de goberno da actual Xunta de Galiza. As previsións que se marcaba o propio executivo no seu Plan de Vivenda 2015-2020 demostran a falta de ambición nesta materia. Segundo se recolle nas súas previsións iniciais o goberno comprometíase a licitar 870 novas vivendas de promoción pública no período das 6 anualidades de vixencia do plan, o cal representa apenas 145 novas vivendas de promoción pública licitadas por ano. Mais a realidade é que o resultado ficou moi lonxe destes compromisos.

É por iso que, no novo Plan de Vivenda da Xunta 2021-2025, o goberno galego teña eludido fixar ningún obxectivo concreto nesta materia. Por tanto, neste momento non existe unha folla de ruta concreta por parte da Xunta no relativo a esta cuestión. Tampouco o goberno ofrece unha rendición de contas a través do IGVS de cal é a situación e a evolución do parque de vivendas de promoción pública.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta a situación de colapso do rexistro de demandantes de vivenda, con 15.500 unidades de convivencia inscritas, a necesidade de ofertar vivenda de promoción pública é urxente. Recordemos que desas 15.500 unidades inscritas, 12.700 solicitan a modalidade de vivenda de promoción pública. É dicir, unha maioría da poboación solicita a vivenda de promoción pública fronte á de promoción privada.

Son moitas as familias que se atopan á espera de acceder a estas vivendas e o actual parque resulta a todas luces insuficientes, xa que se sitúa por baixo das 4.000 vivendas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas novas vivendas de promoción públicas foron outorgadas mediante primeira adxudicación durante o ano 2021?

- Cantas novas vivendas de promoción públicas prevé o Goberno outorgar mediante primeira adxudicación durante o ano 2022?

- Cal foi o investimento na construción de nova vivenda de promoción pública durante o 2021?

- Cal foi o investimento na adquisición de nova vivenda de promoción pública durante o 2021?

- Cal foi a evolución do parque de vivenda pública, ano por ano, ao longo da última década?



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas novas vivendas de promoción pública ten previsto o goberno licitar durante o período de vixencia do Plan de Vivenda 2021-2025?

- Que parque de vivendas públicas prevé ter o IGVS para o ano 2025?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2022 18:17:23**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/10/2022 18:17:26**

**Alexandra Fernández Gómez na data 05/10/2022 18:17:34**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 11:12:45
Nº Rexistro: 42281
Data envío: 06/10/2022 11:12:45.260

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A análise da situación actual no eido internacional contextualizouse nas consecuencias da pandemia e da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Todo isto, ademais de ocasionar unha crise humanitaria, está a ocasionar unha crise económica.

A galopante suba dos prezos que está a prexudicar aos fogares con menos ingresos. O que se contrapón á escalada de beneficios empresariais que están a experimentar determinados sectores, responsables da espiral inflacionista. Os traballadores e traballadoras cunha inflación desbocada vense afogados pola suba dos prezos e outras consecuencias da guerra de Ucraína

O principal problema que debe afrontar agora a nosa economía é a diminución da capacidade adquisitiva que están a padecer as familias porque, a realidade é que os salarios reais están a diminuír a un ritmo vertixinoso.

Nesta conxuntura, urxe que o Goberno galego articule medidas para limitar os efectos negativos sobre a cidadanía, como algunhas das que se viñeron adoptando polo Goberno do Estado (bonificación combustibles, limitar prezos gas, limitar alugueiros, bonos eléctricos, axudas directas a determinados sectores ou as bonificacións ao transporte público, entre outras). En canto aos beneficios empresariais, destaca o imposto á banca ou ás grandes empresas enerxéticas.

É imprescindible que se adopten medidas para protexer a creación de emprego e a calidade de vida das persoas traballadoras.

A día de hoxe o 25,2 % por cento da poboación galega está en situación de risco de pobreza ou exclusión social e, se non se habilitan medidas, coa escalada inflacionista, isto pode empeorar.

Por elo a Xunta de Galicia debe apostar pola modernización das políticas activas de emprego, para o cal, ten un instrumento clave como son os orzamentos de 2023 e reactivar as mesas de diálogo social para afrontar este importante reto.

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 11:12:45
Nº Rexistro: 42281
Data envío: 06/10/2022 11:12:45.260

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

É notorio a conflitividade laboral existente na nosa Comunidade Autónoma, negociacións de convenios bloqueadas en distintos sectores (Contac Center, consultoras e tecnoloxías da información, seguridade, axuda a domicilio, Siderometal Ourense). Situación que ten que ser abordada pola Xunta de Galicia de forma urxente.

É necesario tamén facer constar as cifras que Galicia rexistra en materia de sinistralidade laboral, cun aumento desta do 12,14 % de xaneiro a xullo de 2022, en relación ao mesmo período de 2021, con 49 persoas traballadoras falecidas, situando a Galicia á cabeza en incidencia de sinistros mortais en todo o Estado.

Resulta evidente que urxe unha revisión das políticas preventivas e articular un plan de choque contra esta lacra.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ante a situación de perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras galegas e ante o bloqueo das negociacións de distintos convenios colectivos, pensa o Goberno reactivar as mesas de Diálogo Social?
2. De ser afirmativa a resposta, ten pesado facer a convocatoria da Mesa de Diálogo Social no vindeiro trimestre?
3. Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia ante a conflitividade laboral existente neste momento na nosa comunidade?
4. Que diagnóstico fai o Goberno galego sobre a perda do poder adquisitivo que están a sufrir os traballadores e traballadoras galegos?
5. Ten pensado o Goberno adoptar algunha medida ao respecto? En caso afirmativo, cales?
6. Pensa o Goberno galego aprobar un plan de choque ante as altas cifras de sinistralidade sufridas por os traballadores e traballadoras galegos? En caso afirmativo, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2022 11:04:08**

**Julio Torrado Quintela na data 06/10/2022 11:04:21**

**Marina Ortega Otero na data 06/10/2022 11:04:30**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:39:03
Nº Rexistro: 42323
Data envío: 06/10/2022 16:39:03.506

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo** e **Rosana Pérez Fernández**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación do emprego autónomo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos de afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) correspondentes ao mes de setembro confirman que o emprego autónomo na Galiza segue a pasar por momentos extremadamente delicados.

Neste mes, no noso país as persoas afiliadas ao RETA eran 207.011, o que supón unha variación de – 618 respecto ao mes anterior (-0,3%). Porén, os datos a nivel estatal amosan un incremento medio porcentual do 0,1% que certifican que Galiza diverxe do resto Estado no relativo ao emprego autónomo, de xeito preocupante. Até o punto que estamos no grupo de cabeza das comunidades autónomas que perden afiliación respecto ao mes anterior, xunto a Asturias, Cantabria e Extremadura, e só superadas por Castela León, que encabeza a dubidosa honra de encabezar este ranking negativo. Observándose unha suba xeneralizada da afiliación no resto dos territorios do Estado, onde destacan Euskadi, Murcia ou Madrid.

Se analizamos a evolución da afiliación tomando o período que vai de decembro de 2021 a setembro deste ano, observamos como Galiza perdeu 2.596 afiliados ao RETA, o que supón un descenso porcentual do 1,2%, sendo superados só por Melilla e Ceuta (cun descenso do número de persoas autónomas nese período de -3,2 e -2,0%,

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:39:03
Nº Rexistro: 42323
Data envio: 06/10/2022 16:39:03.506

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respectivamente) e por La Rioja (-1,4%). O descenso de autónomos no noso país foi uniforme nas catro provincias, e por sectores, concentrouse no comercio e na hostalaría.

Se ben no contexto estatal as pequenas empresas e os autónomos están aguantando o emprego a pesar das dificultades que atravesan e a situación de absoluta inestabilidade económica que estamos a vivir, aumentando incluso o número total de cotizantes ao Réxime Especial durante o mes de setembro, Galiza racha con esa dinámica e perdeu nese mes 618 afiliados.

Dende o sector, a lectura que se fai da situación do emprego autónomo no noso país é que o pequeno comercio non resiste e que é imprescindíbel adoptar medidas urxentes para paliar a crítica situación. Non cabe dilatar nin un mes máis a articulación desas medidas polo goberno galego, para frear o desastre e evitar que milleiros de autónomos queden na ruína nos próximos meses.

A evolución do emprego autónomo na Galiza adquire, en palabras do propio sector, tinguiduras dramáticas, o que esixe unha resposta inmediata por parte da Xunta de Galiza. As medidas adoptadas até o de agora polo goberno galego foron incapaces de cauterizar a sangría constante de peches de pequenos e medianos comercios e o descenso de afiliacións ao RETA.

Un sector que foi dos máis afectados polas consecuencias derivadas da pandemia, que despois, sen solución de continuidade, sufriu a o encarecemento exponencial dos fletes e dos subministros, un proceso inflaccionario nunca visto e unha suba desbocada e xeneralizada dos prezos que condiciona, cando non impide, manter a súa actividade.

Atendendo ao que nos amosan as estatísticas de evolución de afiliación e á dramática situación que están pasando milleiros de pequenas e medianas empresas e



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autónomos deste país, o goberno galego debe abandonar a súa pasividade e poñerse ao fronte para axudar ao sector nunhas circunstancias de máxima dificultade. E iso pasa por articular, no inmediato, axudas directas para paliar os efectos do prezo da enerxía e dos carburantes, que están afogando e condicionando a actividade ordinario de milleiros de pequenas empresas e autónomos do noso país. E a moi curto prazo, un auténtico plan de choque, consensuado coa totalidade do sector, que recolla orzamento suficiente e uns criterios que faciliten o acceso ás axudas para aquelas pequenas e medianas empresas e autónomos aos que afectou especialmente, pola súa tipoloxía, o fenómeno inflacionista e o prezo da enerxía e carburantes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego da diverxencia do noso país co resto do Estado no relativo a afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos en variación mensual e anual?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:39:03
Nº Rexistro: 42323
Data envio: 06/10/2022 16:39:03.506

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández  na data 06/10/2022 16:37:40**

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 06/10/2022 16:37:44**

**Daniel Pérez López  na data 06/10/2022 16:37:54**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:56:40
Nº Rexistro: 42327
Data envio: 06/10/2022 16:56:40.089

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López** e **Rosana Pérez Fernández**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o impacto da suba do euribor na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A alta inflación e a depreciación do euro fronte ao dólar son dúas realidades da política económica e monetaria europea actuais que resultaban descoñecidas desde hai moitos anos.

Estes dous factores son, sen lugar a dúbidas, a causa principal das subas do tipo de xuro decididas polo Banco central europeo, inauditas nos seus 24 anos de historia, que ven de colocalos no 1,25, ao mesmo nivel que tiñan no ano 2011 e despois de 8 anos de tipos negativos.

Estas subas dos tipos de xuro teñen un efecto inmediato no mercado de crédito interbancario e no euribor, índice ao que están vinculadas a inmensa maioría das hipotecas contratadas a tipo variábel, e que presenta a seguinte evolución nos últimos 12 meses, pasando do -0,487 de novembro do 2021 até o 2,33 deste mes de outubro.

Segundo a asociación hipotecaria española había ao peche do ano 2021 5,5 millóns de hipotecas vivas no Estado español, das que 3,9 millóns estarían destinadas a financiar a compra da vivenda principal, e o 75% delas estarían contratadas a tipo variábel.



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo todos os expertos na materia o Banco central europeo aumentará aínda máis os tipos e polo tanto o euribor tamén sufrirá subas afectando aos tipos de xuro destas hipotecas, o que no actual contexto de crise inflacionista, no que as familias están a ver moi reducido o seu poder adquisitivo supón un problema engadido moi grave.

Por estes formúlase a seguinte interpelación:

. Cantas hipotecas vivas destinadas a financiar a compra da vivenda habitual existen na Galiza? Cantas están contratadas a tipo de xuro variábel?

. Con que entidades financeiras están contratadas estas hipotecas? Cal é o tipo de xuro que están cobrando por estas hipotecas? Que condicións ofrecen estas entidades para cambiar a hipoteca de tipo variábel a tipo fixo?

. Cal é o encarecemento medio das mensualidades que enfrontan as familias galegas polo aumento dos xuros hipotecarios?

. Prevé a Xunta de Galiza que este encarecemento poida reducir a renda dispoñíbel das familias para enfrontar outros gastos básicos? Cal pode ser o efecto desta contracción do consumo?

. Prevé a Xunta de Galiza que este encarecemento das hipotecas poida derivar en execucións hipotecarias e desafiuzamentos? Cal pode ser o efecto para o mercado inmobiliario? Cal pode ser o efecto para a solvencia das entidades financeiras?

. Que medidas está a tomar a Xunta de Galiza para evitar que a suba dos gastos hipotecarios das familias poida provocar o aumento da pobreza no noso país?



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 16:56:40
Nº Rexistro: 42327
Data envio: 06/10/2022 16:56:40.089

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2022 16:55:39**

**Daniel Pérez López na data 06/10/2022 16:55:43**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2022 16:55:56**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:34
Nº Rexistro: 42333
Data envio: 06/10/2022 17:30:34.737

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre un Pacto galego pola industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comparativa do Índice de produción industrial estatal e da Galiza resulta moi negativa para nós, con un ano 2022 demoledor para a nosa industria que perde un 7% en variación interanual e un 1,9% de media no que vai de ano, mentres o estado observa unha taxa interanual positiva do 1,3% e un +3,2% no que vai de ano.

Este non e máis que outro indicador que deixa en evidencia a falta dunha política industrial do goberno do Partido Popular, que vai na mesma liña que os datos de ocupación do ano 2021, que rexistraron unha caída no sector industrial do 4,8% respecto do ano 2019 (antes da pandemia), o que significa 8.700 empregos destruídos, e no segundo trimestre deste ano 2022 mantiñan a tendencia negativa, tanto en comparación co primeiro trimestre como en comparación co mesmo trimestre do ano anterior.

Entre os diferentes problemas que están lastrando a tan desexada reactivación económica destaca a caída do investimento, con unha nova caída durante o primeiro trimestre do ano situando a taxa de variación interanual nun -2,5%, mentres que no conxunto do estado medra un 6,5% segundo apunta o último informe de conxuntura do Foro económico de Galiza.



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:34
Nº Rexistro: 42333
Data envio: 06/10/2022 17:30:34.737

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto da importancia deste problema, o profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Edelmiro López Iglesias, apuntaba tamén recentemente nun artigo de análise da situación económica que "na última década a economía galega vén mantendo unha baixa taxa de investimento, inferior á media española e da Unión Europea. Este dato di moitas cousas: debilidade da iniciativa privada, limitada confianza do empresariado nas políticas aplicadas e no futuro do País, ausencia dun impulso do investimento público. Con esas taxas de investimento dificilmente Galiza pode afrontar os retos que sempre se mencionan: reindustrialización, innovación, dixitalización, transición ecolóxica..."

Datos e opinións que abundan nas manifestacións da principal central sindical do país, a CIG, que na súa reivindicación dun Plan galego de recuperación económica fan especial énfase nas medidas destinadas á defensa e impulso do sector industrial.

Ante a gravidade desta situación, imposíbel de negar ou ocultar, e con efectos moi preocupantes a nivel demográfico, o Partido Popular opta por facer de oposición ao goberno estatal sen impulsar ningún tipo de alternativas que corrixan estas tendencias, unha actitude absolutamente irresponsábel por parte de quen ten a grande maioría das competencias relativas á planificación económica e industrial.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Ante a grave situación da industria na Galiza e as súas consecuencias, non considera oportuno a Xunta impulsar un Pacto galego para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial, coa participación do Consello económico e social de Galiza?



CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:34
Nº Rexistro: 42333
Data envio: 06/10/2022 17:30:34.737

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 06/10/2022 17:28:31**

**María do Carme González Iglesias na data 06/10/2022 17:28:35**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2022 17:29:31**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 18:17:33
Nº Rexistro: 42341
Data envio: 06/10/2022 18:17:33.743

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Estase detectando nos últimos tempos a presenza de aves migratorias que poderían estar afectadas por gripe aviaria en distintos puntos das costas galegas, procedentes probablemente do Norte de Europa. Tamén se está a observar un decrecemento acusado de distintos tipos de aves mariñas, con conteos dalgunhas especies como mascatos ou palleiras grandes que son entre 5 e 10 veces menores que a media ordinaria.

Por outra banda, a Xunta xa detectou casos de gripe aviaria a mediados de setembro nas praias de Raeiro (O Grove), Razo (Carballo) e no porto de Cabanas (Muros), mentres que Gran Bretaña detectou a propagación desta doenza desde o inverno pasado en varias  das súas colonias de aves mariñas.

A gripe aviaria e unha enfermidade infecciosa**,** que se propaga principalmente de ave en ave. Despois do brote de 2004-2005, que afectou a aves de cría en granxas, foron aparecendo variantes en aves silvestres, tendo a última, identificada en 2021, un especial impacto en Europa.

**A** transmisibilidade do virus ás persoas é moi baixa ata o momento**,** sen descartar cambios no futuro, pero o contaxio entre aves silvestres e domésticas adoita ser elevado, o cal supón un risco evidente, especialmente porque a costa galega é unha ruta moi importante nas migracións de aves entre o norte de Europa e África, tanto de ida como de volta, unha ruta pola que pasan milleiros de aves cada ano, moitas das cales fan “escala” máis ou menos duradeira en Galicia.

A comezos de outubro detectouse en Guadalajara o primeiro caso de transmisión a humanos de gripe aviaria en España, que é o segundo en Europa.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) É consciente o Goberno galego do risco que representa a gripe aviaria en Galicia como importante ruta de paso de aves migratorias?

2ª) Como valora o Goberno galego este risco?

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3ª) Que medidas está adoptando o Goberno galego para detectar e controlar gromos de gripe aviaria nas aves migratorias que pasan por Galicia?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 06/10/2022 18:10:49**

**Paloma Castro Rey na data 06/10/2022 18:11:02**

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-9v2Ruv7je-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/